

LEITE. As últimas do sector lácteo: contrato e anomalías ▶ 4

ENCONTRO MULLERES. O XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG celebrarase en Lugo ▶ 23

FORO AGROECOLOXÍA SLG.
A VII edición do Foro Labrego de Agroecoloxía do SLG-CCLL tivo lugar en Antas de Ulla ▶ 12 - 14

PREZOS DA CARNE. O vogal do SLG na IXP Vacún de Galicia, Samuel Formoso, e Brais Álvarez, coordinador do Sector da Carne no SLG-CCLL, dan as claves do que sucede cos prezos no sector da carne ▶ 8 - 9



Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXV - N° 351 - Xaneiro - Febreiro 2025

DENDE A PAC ATÉ

PALESTINA



NESTE FOUCE OS CONTIDOS NECESARIOS

[Fotografía: La Vía Campesina]

VIAXE A PALESTINA

Dora Cabaleiro, integrante da Executiva do Sindicato Labrego Galego, participou nunha delegación de La Vía Campesina, da que o SLG fai parte, en Palestina. A seguir nárranos como foi a súa experiencia ▶ 27 - 28

POLÍTICA AGRARIA COMÚN

Chegou o tempo de facer a PAC 2025 e dende o SLG tendemos as mans para que veñas facela con nós (prazo até o 30 de abril). Andrés Castro, enxeñeiro técnico do SLG-CCLL, cóntanos todo sobre ela ▶ 6 - 7

ENCONTRO NACIONAL DA MOCIDADE LABREGA

O Encontro Nacional da Mocidade Labrega terá lugar o vindeiro 15 e 16 do mes de marzo no Espazo de Ecoturismo Alvarella en Vilarmajor (A Coruña). Máis información ▶ 24



séguenos en www.sindicatolabrego.gal

e tamén en [facebook](#) [instagram](#) [twitter](#)

Un mapa de zonas vulnerábeis moi extraño

A Xunta de Galicia vén de anunciar a declaración como zonas vulnerábeis a contaminación por nitratos en concellos como Vilanova de Arousa, Cambados, Meis e Ribadumia do Salnés; Baiona, Nigrán e Gondomar tamén en Pontevedra; nove concellos da Limia en Ourense; San Sadurniño, Valdoviño, Moeche, Abegondo, Carral, Cerceda, Oza-Cesuras, Trazo e Tordoia, Santiso, Melide e Zas na Coruña.

Algunhas destas zonas están localizadas en concellos nas que o peso da gandería é moi baixo, e moi lonxe do número de animais que teñen algunhas das principais bisbarras gandeiras. Até que punto a contaminación detectada nas areas marcadas como afectadas teñen a súa orixe nas actividades agrícolas e gandeiras e non na mala depuración de augas residuais urbanas, industriais ou pozos negros? Con que criterios se identificaron as zonas? Por que aparecen territorios de concellos que verten a conchas diferentes? Semella que parte das análíticas son antigas, cales son os valores actualizados?

O Real Decreto 47/2022 establece uns máximos de 37,5 miligramos/litro de nitratos en augas subterráneas e de 25 miligramos en augas superficiais para a determinación do que se consideran augas afectadas por contaminación difusa -valores que se determinarán en base aos datos recollidos en diferentes estacións de control, así como o nivel de crecemento de algas, plantas acuáticas e cianobacterias nos encoros-.

O Ministerio de Transición Ecolóxica sinala incumprimentos no Encoro das Forcadas, clave no abastecemento de auga en Ferrolterra, no Encoro de Cecebre, punto de

abastecemento de auga da cidade da Coruña, en augas subterráneas de Trazo, cerca do río Tambre, en Santiso, Melide e Zas, e nos puntos de control de augas subterráneas do Umia e na Limia.

Até que punto a contaminación detectada nas areas marcadas como afectadas teñen a súa orixe nas actividades agrícolas e gandeiras e non na mala depuración de augas residuais urbanas, industriais ou pozos negros?

O goberno español, a través da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, sinala que Galiza é unha das tres autonomías que non regulou as zonas vulnerábeis a nitratos e que non ten un programa de actuación aprobado. Con posterioridade á declaración, publicarase un novo Código de Boas Prácticas Agrícolas limitando a achega de nitróxeno, indicando as épocas nas que queda prohibido aplicar fertilizantes ao solo, a capacidade de almacenamento de esterco das granxas e os límites por cultivo da achega de nitróxeno. Con carácter xeral limitarase a achega de nitróxeno a 170 kg de nitróxeno por hectárea e reavalíase a evolución das zonas cada catro anos.

Tanto nas granxas como nos proxectos agrícolas das zonas declaradas vulnerábeis esixíranse rexistros das aplicacións e movementos de fertilizantes orgánicos, dos

químicos acompañaranse as facturas de compra, e o caderno dixital, voluntario para moitos proxectos noutras comarcas, pasará a ser obrigatorio nas zonas vulnerábeis.

Temos que denunciar o total escurantismo da administración galega na tramitación das zonas vulnerábeis, así como a irresponsabilidade de presentalo como se fose unha oportunidade, agachando a enorme carga de burocracia e de problemas que traerá asociado.

Dende a Consellería do Medio Rural están a facer unha campaña sen precedentes de promoción das plantas de tratamento de xurros, o que pon en evidencia tamén os intereses pouco claros dos representantes da Xunta ao respecto, dado que moitas desas plantas estanse a propoñer en lugares nos que obxectivamente non debería haber problemas cos fertilizantes orgánicos, o produto resultante desas plantas conservarían o 95% de nitróxeno, co cal non sería ningunha solución, e moitas veces trata de relacionarse o tema dos estercos e xurros coa contaminación xerada por industrias, matadoiros... e residuos urbanos.

Capítulo á parte merece o tema do problema da contaminación por nitratos na Limia, na que tiveron un papel fundamental uns supostos xestores de residuos que vertían de xeito indiscriminado xurro en distintas lugares, vertidos directamente aos canais de auga dalgúns cebadoiros, coñecidos pola administración, e mesmo a incomprendible decisión, unha vez coñecidos os problemas de contaminación do Encoro das Conchas, de reducir na Lei do Solo a distancia mínima entre granxas favorecendo a implantación de novos cebadoiros, onde até o 2016 estarían prohibidos.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez, Manolo Villaverde, Vera Cruz Montoto Vázquez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo
COLABORACIÓN
Andrés Castro, Samuel Formoso, Belén Fervenza, Cruz Pita, Antón Alonso, María Ferreiro, Cristina Rodríguez, Dora Cabaleiro

PECHE DE EDICIÓN 28-2-2025

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMONS Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERRAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

O SLG presente nas mobilizacións europeas en demanda de medidas de protección para a apicultura



O 28 de xaneiro persoas produtoras de mel no Estado español, Francia e Portugal saíron simultaneamente ás rúas das capitais dos seus respectivos Estados baixo o lema “Apicultoras europeas contra a fraude. Os xaropes manufacturados non son mel”, en demanda de mellores medidas de control das importacións e ferramentas para a protección do sector apícola europeo.

De ser aprobado o acordo comercial entre a UE e países do MERCOSUR tal e como está definido neste momento, a entrada de 45.000tm de mel a baixo prezo ameaza con esmagar ás produtoras dos estados membro. O Sindicato Labrego, así como as demais organizacións integrantes da Coordinadora Europea Vía Campesina,

oponémonos a este acordo polos seus prexuízos ás persoas produtoras de alimentos dunha e doutra banda do Atlántico.

“O sector apícola botouse ás rúas de varias capitais europeas en demanda de medias urxentes se non queremos pór en risco un sector tan esencial para a produción de alimentos, e a biodiversidade en xeral, como é a apicultura. A protección dos polinizadores e o apoio decidido pola calidade nun alimento con destacados aportes para a saúde humana como é o mel ten que ser un obxectivo claro nas políticas comunitarias”, defendeu o apicultor e membro da Executiva Nacional do SLG Brais Álvarez dende Madrid, na delegación do Sindicato Labrego Galego presente nas mobilizacións o pasado xaneiro.

A Xunta desmantela o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia sen someter a decisión ao Consello Agrario



O Decreto da Consellería do Medio Rural, que regula a nova estrutura e o sistema de funcionamento do Observatorio Lácteo de Galicia, un Observatorio que, como temos denunciado reiteradamente, nunca cumpriu coa periodicidade de reunións acordada nin coas funcións atribuídas de xerar índices de prezos de xeito periódico, foi aprobado o pasado 20 de decembro. A conselleira María José Gómez remodelouno sen sequera ter realizado o traballo encomendado cando o conselleiro José González decidiu resucitalo logo de anos de inactividade. Dende o SLG-CCLL

rexecemos esta nova manobra evasiva da Xunta de Galicia furcando o debate no Consello Agrario e así esquivando o enfrontamento co Sindicato Labrego, e instamos á Consellería a deixar de eludir realizar o seu traballo, comezando por establecer unha axenda da conselleira María José Gómez que vaia máis aló das romarías, inauguracións, premios e demais eventos de promoción, e que convoque dunha vez ás organizacións agrarias a unha xuntanza que permita traballar dende xa nas necesidades reais das persoas que producimos alimentos no noso país.

Que quedou do anuncio da CMR de que solicitaría ao Ministerio a excepción do prato invertido como permite o Artigo 10.4?

“O Real Decreto de Nutrición Sostible dos Solos Agrarios, o que en Galicia coñecemos como o Real Decreto dos Puríns, é unha das normativas que máis nos afecta ás persoas gandeiras galegas. No resto do Estado é un Real Decreto que non lles preocupa o máis mínimo, dado que a maioría son agricultores e agricultoras que fertilizan con fertilizantes químicos. Pero a realidade galega é outra. Aquí hai moitas gandarías de carácter familiar, que non son capaces de cumprir este Real Decreto en cuestións como a maquinaria a introducir, o plan de abonado, o plan de fertilización, o asesor de fertilización, etc.”, abundou Ana Rodríguez, gandeira e economista especializada en Política Agraria Común no SLG. Dende o ano 2018 vimos pedindo á Consellería que actúe fronte a este RD que prexudica de xeito diferenciado ás granxas galegas.



LEITE ▶ Ana Rodríguez, gandeira do Sector Lácteo e economista especializa na PAC; e Xulio Fernández, Coordinador do Sector Lácteo no SLG, escriben sobre a actualidade do sector

As anomalías do sector lácteo galego

por Ana Rodríguez

gandeira do Sector Lácteo e economista especializa na PAC

Di o dicionario que anomalía é *Falta de conformidade ou irregularidade con respecto a unha regra xeral*. A regra xeral sería o contexto do Estado español e o contexto europeo, nos que se move o sector. As anomalías (algunhas):

A primeira: O prezo no Estado español. Galiza leva moitos anos cun diferencial moi grande con respecto á media do Estado. Nos datos do Ministerio, a media do Estado de novembro de 2024 era de 0,492ct/l e na Galiza 0,466ct/l. Se nos comparamos con Asturias (0,516ct/l) ou Castela e León (0,505ct/l), moito peor. *Explicación da industria para esta anomalía?*

A segunda: O prezo en Europa. No ano 2023 estabamos por enriba da media de Europa, no ano 2024 nós empezamos un descenso sen freo e en Europa un aumento continuado, de tal forma que no mes de xaneiro do 2025 (datos provisionais) a media en Europa é de 0,5430ct/l e a media do Estado Español é de 0,4796ct/l. Nos datos da Comisión Europea de novembro do 2024, en todos os Estados había unha evolución positiva comparando con novembro do 2023, menos o Estado español, que era negativa. *Explicación da industria para esta anomalía?*

A terceira: O apoio que lle presta ao sector a Administración, a Consellería do Medio Rural. Non nos cansamos de repetir que Galiza é unha potencia no sector lácteo, en cantidade de quilos pro-

ducidos e na cantidade de persoas que producen. A nivel do Estado, a seguinte comunidade autónoma queda a anos luz da Galiza. A nivel da UE, no ano 2018 ocupabamos a 10 posición. Por falta de apoio falamos da importancia que ten para a Consellería polo número de xuntanzas sectoriais que fai (cero no 2024) e polos datos que publica sobre o sector ou que lle proporciona ao sector (ningúns), que deberían servírnos para ter idea de para onde imos.

Na Comisión Europea hai un Grupo de Diálogo Civil para o Leite que se reúne de forma periódica e na que se tratan os temas que se acorden, pero sempre se fala da situación do mercado do leite. Nese Grupo de Diálogo Civil estamos como Sindicato a través da ECVC. Na Galiza hai un observatorio lácteo galego creado no 2007 do que non sabemos que houbera ningunha xuntanza en todo o 2024. Recentemente cambiouse a súa composición sen pena nin gloria, como si faláramos do sector da *guayaba*.

Na páxina da Comisión Europea dedicada ao sector lácteo hai información de todo tipo: prezo, producións, custos, etc. O Ministerio de Agricultura tamén publica mensualmente o informe sobre declaracións de entregas de leite cru aos primeiros compradores e temos datos de prezos, produción, vacas, composición, etc. Na páxina da Consellería do Medio Rural hai os premios do Exceleite 2024 e un enlace ao observatorio do sector lácteo que é unha auténtica pena: o único que actualizan son os prezos do leite e, en calquera momento, cansaranse. *Explicación da conselleira de medio rural para estas anomalías?*

O contrato sobre o tanque

por Xulio Fernández

Coordinador do Sector Lácteo no Sindicato Labrego

O sector lácteo encara unha nova renovación de contratos do leite e todo fai prever que os prezos non van subir. Todo o contrario do que está a pasar no resto de Europa ou mesmo no Estado español.

Unha vez máis, temos sobre o tanque do leite un contrato imposto pola industria -co prezo que a eles lles convén- e que plasmaron nese documento -para o tempo que a eles lles deu a gana- con imposición da renuncia á duración mínima obrigatoria dun ano. Logo non debe ser tan obrigatoria... Ou si que o é para unha parte cando á outra lle convén.

Ao tempo que xorden novas esixencias impostas pola industria para satisfacer as necesidades da distribución, como por exemplo as certificacións varias, estas non son o suficientemente gratificadas para que

compense o esforzo. Mentres tanto, temos un árbitro cego.

A Consellería do Medio Rural arenga a determinadas industrias para que non suban o prezo do leite (como se iso fose unha catástrofe), e semella estar ao servizo da industria e non da xente do medio rural.

Tramita a modificación de ferramentas como o Observatorio Galego do Leite para colocar entidades afíns e *amiguete*s que nin teñen recoñecida a representatividade no sector nin se lles coñece traballo ou logro ningún a prol do mesmo.

Un observatorio que por acordo das organizacións agrarias galegas co anterior conselleiro José González, marcárase unha frecuencia trimestral para as xuntanzas e a obriga de sacar informes de custos de produción. Naquela época en que ter uns índices de custos de produción estaba de moda,


agora semella que xa non o está...

Ao igual que non o está a famosa Conta Láctea: unha aplicación defendida a ferro polo anterior conselleiro e que non foi capaz de sacar datos para elaborar os citados informes de custos de produción. Agora xa todo se esqueceu.

As novas obrigas burocráticas e o nivel alto dalgúns custos como o dos combustíbeis ou a enerxía poñerán ás granxas nun curto período de tempo nunha situación de produción por baixo de custos se a tendencia de prezos non vai acorde a estes cambios.

Cando os prezos en Europa estaban por baixo dos do Estado español, non foi así con Galiza, a Industria pedía responsabilidade para poder ser competitivos. Mais agora que a tendencia de prezos europeos é boa, non lles acorda.

Non ao peche en falso da crise da Ribeira Sacra: sen medidas coherentes para salvar ás viticultoras e a vendima do 2025



Na Galiza no ano 2024 a crise de excedentes da Ribeira Sacra, que supuxo a inédita negativa da meirande parte das adegas a mercar a uva das pequenas e medianas produtoras da comarca, está chamada a ser unha das prioridades a xestionar no 2025 no sector agroalimentario. No SLG insistimos en denunciar que segue faltando a medida fundamental para os e as viticultoras que non tiveron quen lles recollera a uva: unha axuda directa no 2024 para pa-

liar as perdas de ingresos.

Ciclo de conferencias

En colaboración coa Deputación de Lugo, dende marzo até a vendima o SLG desenvolverá un espazo de diálogo sobre esta Denominación de Orixe.

O ciclo de conferencias “O futuro das persoas viticultoras na Ribeira Sacra” dará inicio o 7 de marzo afondando nas axudas da PAC vinculadas á reestruturación, reconversión e colleita en verde.

Axudas EHE: solicitamos exhaustividade no cómputo e cobertura total de gastos



A RESOLUCIÓN do pasado 30 de decembro de 2024 pola que se regula o procedemento de concesión de subvencións directas destinadas a compensar os prexuízos económicos producidos pola enfermidade hemorráxica epizoótica na Galiza confirma as sospeitas con respecto á falta de exhaustividade e limitacións na cobertura manifestadas polo Sindicato La-

brego Galego cando foron anunciadas en outubro do pasado ano. Sobre todo no primeiro momento, houbo moitos casos que non se comunicaron debido á falta de información ás ganderías.

Reiteramos a necesidade de cubrir o lucro cesante e a totalidade de gastos veterinarios nos que tiveron que incorrer as granxas.

Receptividade unánime dos concellos da Mariña á proposta do SLG de demanda urxente de interlocución coa Consellería



As persoas produtoras de faba na comarca da Mariña contabilizaron en decembro a perda do máis do 80% da colleita. As choivas constantes no verán deron lugar a unhas condicións de humidade e calor que propiciaron a proliferación de enfermidades, provocando unha grande afección de fungos neste cultivo. O Sindicato Labrego Galego iniciou de contado unha rolda de contactos cos concellos de



A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, produtora de faba de Lourenzá e Antonio Villarino, técnico sindical da comarca da Mariña, xuntáronse con integrantes da corporación municipal do Concello de Trabada (foto da esquerda) e do Concello de Barreiros (arriba), entre outros.

Barreiros, Trabada, Lourenzá, Ribadeo e Mondoñedo, xestionados por diferentes formacións políticas, que coincidiron unanimemente no recoñecemento desta problemática e confirmaron o seu apoio á demanda do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas de manter unha xuntanza de traballo urxente coa Consellería do Medio Rural.

PAC 2025 ▶ Andrés Castro, enxeñeiro técnico do SLG, cóntanos todo sobre a PAC 2025

“No Sindicato Labrego levamos tramitando PAC dende que existe, dende que se facían a man”

✓ Andrés, por que é importante facer a PAC?

É importante porque supón uns ingresos considerábeis para as granxas labregas. Os prezos están como están e iso fai que a PAC sexa unha parte importante da renda das labregas. A PAC, Política Agraria Común, inicialmente formulábase como unha axuda ás produtoras para que no mercado os alimentos tiveran un prezo accesíbel. En moitos casos son axudas, á parte da compensación de renda, outras son axudas de lucro cesante, como poden ser as agroambientais. Estas axudas están condicionadas a facer as cousas dunha determinada maneira, normalmente enfocada á conservación ambiental e o territorio. É importante tramitar as axudas PAC pola cuestión económica.

✓ Cales son os prazos para solicitar as axudas PAC?

O prazo de solicitude e até o 30 de abril e logo hai un período de modificación até o 31 de maio.

✓ Neste 2025 cales son as principais novidades?

A pesar de que xa levamos dous anos neste novo período de PAC, o ano pasado foi un período de moito cambio, mudáronse cousas no medio da tramitación. Estabamos tramitando as PAC e estaban mudando as normas, suponse que xa teríamos que estar máis asentadas na tramitación pero aínda non, case volve a ser un ano novo. Este ano volve a haber cambios na condicionalidade, polo que cómpre ter conta, prestando especial atención á BCAM7 de rotación en terras de cultivo (semellante ao antigo pago verde), xa que as normas de condicionalidade son de obrigado cumprimento para todas aquelas que reciben axudas PAC ou pagos FEADER. Este ano como novidade quedan exentas do control da condicionalidade e das penalizacións por incumprimento de condicionalidade as granxas que teñen menos de 10ha, aínda que non son as maioritarias si que supón unha parte importante das persoas que tramitan PAC no noso país.



Andrés Castro acompañado de Isabel Vilalba, á dereita, Secretaria Xeral do SLG; e Ana Rodríguez, á esquerda, economista especializada en políticas agrarias no SLG.

✓ Máis novidades?

Tamén houbo cambios nos ecorreximes, que son axudas que van vinculadas á realización dunhas determinadas prácticas. Solicítanse anualmente e non teñen compromiso de permanencia. Este ano houbo pequenos cambios no deseño de determinadas prácticas, sobre todo das que teñen que ver coa realización da sega, e as que teñen que ver con aquelas produtoras que declaran cultivos leñosos. Nos ecorreximes de sega os cambios son máis acaídos para o tipo de prácticas que se realizan no país, pero cómpre analizar ben as prácticas e a realidade de cada granxa para elixir correctamente unha ou outra liña de axuda.

Hai cambios a maiores na declaración de superficie. Hai que acreditar o uso de dereito das fincas. Antes tiñase que acreditar sempre e cando a finca tivera máis de 2ha e levará máis de 5 anos sen declararse ningunha solicitude de axudas PAC. Pero agora xa non falamos de 2ha, senón de 1ha, e hai un novo catálogo de recintos que teñen que acreditar o dereito de uso.

✓ Por que é importante buscar un bo asesoramento e un bo equipo preparado para a súa tramitación?

Na declaración da PAC cada vez hai que ter en conta máis requisitos. Non é só facer unha declaración de superficies e xa está,

hai diferentes liñas de axuda que leva a solicitude única, e en función de como sexa a túa granxa poderás optar a unhas ou a outras. Logo hai un lote de normativa conexas que tamén incide na nosa declaración de superficie. Cumprir todo o referido ao decreto de nutrición sostíbel de solo agrarios tamén vai vinculado na PAC no que é a condicionalidade. Tamén hai diversos ecorreximes que obrigan a dispor de plans de abonado e unha certa documentación. Por iso non é só facer a solicitude da PAC, senón estar ben asesorada e saber que é o que implica solicitar un tipo de axuda ou outra, que requisitos ten, que é o que teño que facer, e alguén que che axude e acompañe en toda a burocracia que supón.

“Na declaración da PAC cada vez hai que ter en conta máis requisitos. Non é só facer unha declaración de superficies e xa está, hai diferentes liñas de axuda que leva a solicitude única, e en función de como sexa a túa granxa poderás optar a unhas ou a outras”

“Temos un equipo sólido, formado e con amplos coñecementos neste tema”

Hoxe en día o tema o proceso de tramitación da PAC con todo os temas da monitoraxe e do control satélite realmente remata o 30 de setembro. É fundamental pararse na solicitude da axuda da PAC e facela ben, sendo conscientes do que implica solicitar unha ou outra liña de axuda. Na actualidade xa é importante pero no futuro vai ser aínda máis cando entre en vigor toda a normativa derivada do emprego do caderno dixital, xa que se vai basear todo na declaración de superficies. No Sindicato Labrego levamos tramitando PAC dende que existe, dende que se facían a man. Temos un equipo sólido, formado e con amplos coñecementos neste tema. Participamos activamente en reunións co Ministerio e coa Consellería, facemos aportes á normativa -cando se atopa en exposición pública sempre tentamos facer aportes en defensa da agroecoloxía, do sector labrego e da realidade labrega galega-. Acompañamos e asesoramos ás labregas en

todo o proceso, antes, durante e despois da solicitude. Realizamos charlas para informar das novidades e xornadas formativas para acadar as habilidades mínimas necesarias para superar con éxito os novos retos aos que nos enfrontamos.

✓ Para alguén que é nova ou novo nisto da PAC, como funcionan?


Actualmente a PAC está deseñada como un pago por superficie ou por cabeza de animal. Este é un modelo de axuda que vai dirixido exclusivamente aos grandes, canto máis grande es máis axuda percibes. Tradicionalmente, sectores como o vexetal ou do viño quedan fóra das axudas da PAC, porque ao non ter dimensión suficiente non acadaban o mínimo para ser subvencionábeis. Para cobrar a PAC tes que ter dereito a cobrar como mínimo 300€, se non chegas, quedas excluída da axuda, xa que son pagos por ha. Ademais diso, para poder ter acceso ás axudas tes que ter "dereitos de pago". Estes dereitos son "históricos", é dicir, están baseados nas axudas que as labregas cobraron en 2000, 2001 e 2002. Este sistema é moi inxusto e moi irregular, ademais de deixar fora a todas aquelas que, naquel mo-

mento non tiñan acceso a ningún tipo de axuda.

✓ Que acontece co sector vexetal en vinculación coas axudas da PAC?

O valor medio rexional dun dereito da rexión catro, por exemplo, son cento oitenta e pico euros, para chegar aos 300€ terías que declarar como mínimo 2ha. A produción vexetal de horta agroecolóxica na Galiza non chegamos a esa superficie, entón sempre quedamos fóra. O SLG sempre defendeu que o pago no fose por ha senón que fose por activo, é dicir, que unha persoa labrega que traballa no sector cobre a axuda independentemente da superficie que traballe, ao fin e ao cabo está mantendo o territorio e xerando unha actividade no medio rural non só económica, senón tamén social, coa importancia que isto ten para o mantemento dun rural vivo e activo.

“Acompañamos e asesoramos ás labregas en todo o proceso, antes, durante e despois da solicitude”



**A túa PAC 2025
da man do SLG!**

 **sindicato
labrego galego**
comisións labregas

**equipo
confianza
experiencia
profesionalidade**

O Sindicato Labrego Galego tende a man para acompañarte na túa PAC 2025. Para facilitar as dúbidas sobre os novos cambios, neste Fouce incorporamos un panfleto onde, a modo de resumo, atoparás todo o relacionado coa solicitude e tramitación da PAC. Para calquera consulta podes dirixirte ao teu local do Sindicato Labrego Galego. Na segunda páxina do Fouce, na parte de abaixo, encóntranse os enderezos e contactos dos locais do SLG-CCLL. Agardamos por ti! Non dubides:
A túa PAC 2025 da man do SLG!

PREZOS DA CARNE ▶ Samuel Formoso, vogal do Sindicato Labrego Galego na IXP Vacún de Galicia, e Brais Álvarez, coordinador do Sector da Carne no Sindicato Labrego Galego, danos as claves do que sucede cos prezos no sector da carne

Que está a acontecer cos prezos da carne na Galiza?

“Estamos con falta de produto, non hai carne”, afirma Samuel Formoso Salgado, vogal do Sindicato Labrego Galego na IXP Vacún de Galicia e gandeiro de Vilar de Barrio (Ourense). “Entre os animais que morreron pola EHE, a lingua azul, abortos, malformación, becerros que saen pequenos etc, unido á alta demanda que está a haber, pois os prezos a día de hoxe están como están”.

A mediados de febreiro encontrámonos ante prezos de 4,30€/kg en prezo vivo e arredor de 7,20/7,30€/kg en canal, cunha tendencia á alza. Todo apunta a que a cifra vai seguir subindo. “De aquí ao verán estaremos falando de prezos por riba dos 8€/kg”, sinala Formoso, “comer unha costela vai ser case un artigo de luxo!”.

Compre destacar tamén que aínda que se perciben os prezos que anteriormente se mencionan, “nalgúns casos estes non están repercutindo ao 100% nas granxas, e a cadea intermedia (industria e distribución) segue a ser a que maior ganancia obtén, fai falta regular por este lado, senón a persoa consumidora non vai poder acceder á carne e as granxas non van a percibir uns ingresos dignos”, asevera Brais Álvarez, coordinador do Sector da Carne no Sindicato Labrego Galego.

Incerteza nos prezos

O sector da carne está vivindo unha incerteza, xa que os prezos dos produtos están volátiles e, de feito, até para as persoas expertas no tema, como é Samuel Formoso, é complicado



facer valoracións. “De pronto un barco carga para Marrocos e dispáranse os prezos, agora pola información que teño incluso vai saír carne tamén para Exipto”.

A venda de vacún cara ao exterior incrementouse nos últimos anos cara a países como África, Marrocos, Libia ou Líbano, isto, sumado ao lixeiro crecemento no consumo e á caída da produción que supón o peche das pequenas granxas produtoras galegas, por unha banda, ademais das enfermidades ás que se teñen que afrontar as gandeiras e os gandeiros, como as mencionadas lingua azul ou EHE, ocasionou que os prezos da carne aumentaran de maneira considerábel.


A subida de prezos actual é

unha boa nova para as granxas, os prezos que se perciben actualmente permiten as granxas aumentar os seus beneficios e obter unha renda digna.

É unha boa nova por esa banda, xa que a subida de prezos permite mellorar a situación económica das granxas, pero hai que ter en conta que esta suba non se dá porque se regulara a cadea de valor, ou se regulara a relación entre produtoras, industria e distribución.

“Senón se regula para que a cadea de valor garanta que as granxas perciban un prezo xusto e a persoa consumidora poida seguir mercando a carne, podemos estar perdendo unha oportunidade histórica de garantir a viabilidade das nosas granxas”, engade Brais Álvarez.

Brais Álvarez:
“Senón se regula para que a cadea de valor garanta que as granxas perciban un prezo xusto e a persoa consumidora poida seguir mercando a carne, podemos estar perdendo unha oportunidade histórica de garantir a viabilidade das nosas granxas”



Samuel Formoso, vogal do SLG na IXP Vacún de Galicia.

Tenreira Galega Suprema

“Para min isto ten varios perigos, un é a incerteza en Tenreira Galega, porque a xente está vendendo por fóra da marca e ten mellores prezos ou mesmo prezos sen os controis de Tenreira Galega por fóra, entón estanse escapando moitos becerros da marca e eu non sei o que vai pasar coa marca Tenreira Galega”, sinala.

Formoso denuncia o monopolio que existe por parte das industrias, “sobre todo unha que monopoliza a maioría do sacrificio da Tenreira Galega, e esa industria está ligada á maior parte dos cebadeiros deste país”; e suíña a necesidade de que exista unha diferenciación clara no punto de venda entre a tenreira galega normal e a tenreira galega suprema, xa que non pode ser que as persoas consumidoras poidan atopalas ao mesmo prezo nos supermercados.

“As áreas comerciais dálles igual ofrecer unha que outra, vas a calquera supermercado e hoxe ten tenreira normal e mañá tenreira suprema ao mesmo prezo, e iso non poder ser”, reivindica o vogal do SLG na IXP, insistindo en que isto é

un desprestixio para a tenreira galega suprema.

O gandeiro dá un paso máis alá, situándose na problemática que poden supoñer todos estes factores en vinculación á tenreira galega como marca diferencial, suíñando que “detrás da época de fartura pode vir a época de escaseza, e se cadra cando veña a mala época non temos unha marca para diferenciarnos e competir con estes produtos que veñen de fóra, con pesticidas, hormonas, antibióticos e o que lle cadre”.

Mercosur

“Outro dos perigos que vexo é Mercosur [Mercado Común do Sur], porque se algún día comeza a entrar carne a baixo prezo a persoa consumidora vaise ir a elas”, asegura Formoso. Na formación online ‘O comercio entre a Unión Europea e o Mercosur é devastador para a agricultura familiar’, organizada polo Sindicato Labrego Galego o pasado 27 de xaneiro, tivemos a sorte de contar coa presenza de Tom Kucharz, experto en tratados de libre comercio, que nos informou ao detalle sobre este tratado. “O que se pretende con

este acordo é fomentar as exportacións de produtos básicos”, afondou Kucharz, facendo fincapé en que é a agricultura familiar, labrega e local a que volve a ser moeda de cambio da gran industria.

As persoas consumidoras

Se caeu a produción e aumentaron as exportación, que acontecerá entón coa alimentación da poboación galega? “Ao final vainos pasar o mesmo que lle pasou en Arxentina, o país da carne e do churrasco, e a xente non podía comprar carne porque toda estaba destinada a exportación, pasaban fame de carne porque non podían comprala!”, exclama o vogal do SLG na IXP Vacún de Galicia, amosando a súa preocupación polo aumento dos prezos en relación ao salario.

“A xente que cobra un soldo base non lle dá para comprar carne aos prezos que estamos tendo, entón a carne volverase a converter nun produto para comer o día da festa e nada máis, e iso tamén ten o seu perigo que a xente cambie a outros tipos de carnes que son máis baratas e alcanzábeis”.

Samuel Formoso:
“Cada vez hai menos granxas e máis grandes, pero iso non quere dicir que haxa máis becerros”

Neste senso compre mostrar cautela coa subida dos prezos en orixe, sen dúbida é unha boa nova que as granxas galegas por primeira vez en moitos anos cobren un prezo polo seu produto que lles permite cubrir os seus custos de produción.

“É por iso que temos que aproveitar a oportunidade para que estes prezos se manteñan no tempo, loitar por legislar e regular a cadea de valor e que realmente esta suba froito da conxuntura do mercado permita crear unha cadea que resista os cambios no mercado e garanta un prezo xusto a longo prazo tanto para as granxas como para as persoas consumidoras”, afirma o coordinador do Sector da Carne do SLG, Brais Álvarez.



Brais Álvarez, coordinador do Sector da Carne no SLG.

BELÉN FERVENZA ▶ Labrega de Redondela e Vicesponsábel do Sector Vexetal no SLG

“Realizar a xuntanza nunha finca axudou a que sentiramos que hai Dirección do Sector Vexetal”

✓ **Belén, como foi a xuntanza do Sector Vexetal?**

Un éxito. Despois dun ano sen xuntarnos decidimos cambiar o tipo de encontros que estabamos facendo. Procuramos que a xuntanza fose produtiva, que as persoas se fosen con ganas de volver. Con este obxectivo fixemos esta vez a xuntanza nunha finca de produtoras e iso creo que foi un éxito. Encontrámonos en Vedra e logo visitamos o proxecto Burbullas de Sol de Miguel e Conchi. Isto motivou máis á xente a achegarse.

“Isto foi un éxito e ímolo repetir”

✓ **Cales foron os temas principais que tratastes?**

Falamos do tema do cambio climático e de como nos está afectando. Cada ano temos dificultades para sacar adiante certos cultivos: uns anos a seca, outros anos a falta de temperatura no verán, etc. De aí estivemos reparando en problemáticas que temos que atender no tema da semente, traballamos o tema do manexo do solo, os microorganismos e falamos de facer formación máis enfocada ás nosas necesidades. De aí saíu un pequeno grupo de traballo a través do que imos programar formacións máis específicas para o sector e para as produtoras, alén da formación que cada comarca decide.

✓ **Cóntanos máis sobre os avances que tedes pensado realizar en canto á formación?**

Pensamos na importancia de crear formación no SLG e tamén de persoas técnicas que fagan apoio agrocolóxico ás produtoras. A idea é crear un pequeno documento onde vaíamos compartindo prácticas, técnicas, e de aí o interesante é poder crear formación agrocolóxica para as propias produtoras afiliadas e que esa formación sexa compartida tamén polas comarcas, para que as técnicas e técnicos teñan cada vez máis información e formación. Foi poi positivo todo o que saíu.



✓ **Algún tema máis que cómpre destacar?**

Outra das cuestións das que estivemos falando foi o tema do relevo xeracional. Facer maior promoción do noso traballo, onde atoparnos, etc., é dicir, os puntos máis importantes a desenvolver son a formación como sector, a forma de comunicarnos e reivindicar politicamente as pequenas granxas e os proxectos agrocolóxicos, xa que moitos deles non temos axudas, por exemplo da PAC. Somos pequenos, non existimos para o sistema. Por iso é fundamental ver a viabilidade dos nosos proxectos e ter cada máis ferramentas, apoderarnos, defender os nosos prezos, defender o noso traballo, unha vida un pouco máis digna. Estamos creando unha táboa de prezos de venda directa e venda a tendas para compartir e tela para todas como recurso. Tamén falamos de ver como traballar nas comarcas, para ir apoiando o relevo e sendo visíbeis, da importancia dos mercados, dos espazos onde se amosa a nosa produción.

“A idea é crear un pequeno documento onde vaíamos compartindo prácticas, técnicas, e de aí o interesante é poder crear formación agrocolóxica para as propias produtoras afiliadas e que esa formación sexa compartida tamén polas comarcas”



✓ **Con que sensación quedaches logo de finalizar a xuntanza?**

Sáímos contentas! Buscamos crear alianzas á hora de conseguir que o noso sector se visibilice e procurar ter menos erros e lograr alianzas con organizacións da sociedade que nos apoién. Propuxemos facer dous encontros ao ano. Imos ver onde podemos facer a seguinte xuntanza, pero quedamos para o mes de outubro. Antes iremos avanzando no tema da formación e traballos internos como o tema dos prezos e o dossier coa información.

✓ **Cal dirías que foi a diferenza máis grande desta xuntanza respecto ás dos anos anteriores?**

As persoas que estamos detrás da Dirección do Sector Vexetal somos persoas moi implicadas e que participamos en varios proxectos agroecolóxicos e, ás veces, temos a sensación de que a Dirección non funciona como tal, por estar a tantas cousas á vez,

“Os puntos máis importantes a desenvolver son a formación como sector, a forma de comunicarnos e reivindicar politicamente as pequenas granxas e os proxectos agroecolóxicos”

sentimos que facemos pouco traballo, pero iso non é certo. Somos persoas moi participativas. Nesta xuntanza precisabamos sentir que hai Dirección do Sector Vexetal e ver as súas necesidades, e neste caso iso saíu dunha maneira máis natural de nós, máis enfocada a nós e ao que somos capaces de sacar adiante.

O feito de realizar a xuntanza nunha finca axudou a que sentiramos que hai Dirección do Sector Vexetal, porque é coñecernos e crear grupo. Ás produtoras gústanos ver fincas, facer traballo sindical e ao mesmo tempo compartir coas compañeiras os nosos proxectos. Isto foi un éxito e ímolo repetir. Neste encontro fomos máis prácticas, fomos directas á necesidade e ver de que forma o Sindicato Labrego Galego pode axudarnos a responder a ela. Foi unha xuntanza na que non tiñamos moitas pretensións pero si tiñamos o obxectivo de continuar, de quedar con ganas de volver e xerar dinámica de traballo.



AGROECOLOXÍA ▶ O Sindicato Labrego Galego desenvolveu a VII edición do Foro Labrego de Agroecoloxía en Antas de Ulla a primeira fin de semana de febreiro

VII Foro Labrego de Agroecoloxía: a prol dun cambio no modelo produtivo

A VII edición do Foro Labrego de Agroecoloxía do Sindicato Labrego Galego tivo lugar a fin de semana do 1 e 2 de febreiro en Antas de Ulla.

Nela ficou claro que existe unha demanda crecente dun cambio de modelo que permita avanzar cara a agroecoloxía, en tanto que modelo de produción de alimentos medioambiental e socialmente sostíbel, así como alternativa económica a expandir no noso territorio desbotando iniciativas empresariais contaminantes fortemente rexeitadas pola cidadanía como a macrocelulosa que Altri-Greenalia pretende instalar na Ulloa, a reapertura da contaminante mina de Touro ou os episodios de contaminación da balsa de residuos tóxicos de Alcoa.

“Os nosos proxectos, as nosas comunidades, os nosos territorios, as nosas vidas están sendo atacadas pola imposición de proxectos nocivos para a saúde humana e medioambien-



tal. Afondamos en moitos casos concretos. Multitude de persoas están organizadas para denunciar e defender as súas contornas vitais, unha situación que debería de ser canto menos anómala nunha democracia, máis que no noso país, tendo en conta a estratexia de manipulación legislativa que privilexia determinadas empresas concentradas no espolio de recursos naturais, é unha constante”, explicou Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG-CCLL.

Minas, eólicos, liñas de alta tensión, celulosas... Galiza é contemplada por elites político-económicas galegas, estatais e internacionais como un terreo de sacrificio, moi lonxe de ser posto en valor pola súas extraordinarias potencialidades a nivel medioambiental, onde podemos englobar dende a produción de alimentos até paisaxes ou patrimonio de todo tipo, e onde debemos contemplar e destacar os multidimensionais efectos positivos na saúde da

poboación e, por ende, na saúde pública.

Políticas públicas

O Foro centrouse en analizar e deseñar políticas públicas que permitan o avance da produción agroecolóxica, visibilizar a loita contra Altri-Greenalia dende unha perspectiva labrega e agroecolóxica e coñecer de primeira man experiencias labregas na defensa da terra fronte a megaproxectos noutros territorios.

Testemuñas labregas e en defensa da terra



Lois Varela

Son Lois, da comarca da Ulloa, do Concello de Palas de Rei. Son gandeiro. Quería falar da ameaza que estamos a padecer aquí na comarca e no resto do país, que é a macrocelulosa Altri. Altri vai causar un enorme impacto no medio ambiente, pero tamén no tecido socioeconómico das comarcas centrais da Galiza.

O Ulla vertebra parte da Galiza e remata no mar de Arousa e alí tamén vai afectar gravemente. Nós xa vimos dicindo dende o comezo que este non é o desenvolvemento que queremos para a nosa comarca e para o país polo grave prexuízo que van sufrir os nosos sectores produtivos, nomeadamente a gandería.

Non rexeitamos industrias, pero si rexeitamos industrias deste tipo, iso queremos deixalo medianamente claro e seguimos defendendo que se catalogue o noso sector gandeiro como sector estratéxico, xa que é fundamental para mantermos un rural vivo e con futuro.

Chámome Sergio, son de Touro. No noso caso temos a problemática da mina de Cobre que queren reabrir. Esta mina xa estivo aberta alá polos anos oitenta/setenta e hai uns anos intentaron que se aprobara un proxecto de reapertura, pero incumpría a todas luces calquera tipo de medida ambiental polo que, despois de moita loita da Asociación en contra da mina e do apoio de moitas asociacións medioambientais, conseguimos que se freara. Agora tentan modificar un pouco o proxecto para que se reabra, pero a efectos prácticos segue a ter a mesma problemática que o primeiro proxecto. Ten un impacto medioambiental moi malo para a nosa zona que non paga a pena a nivel económico de ningunha maneira.

Xa é complicado quedar nas zonas rurais galegas porque non hai un goberno que o apoie pero se por riba nos deterioran e nos empeoran o medio ambiente así xa sería completamente inviábel.



Sergio Louzao



Irea Blanco


Vimos de ver a película “O Ulla si”, un proxecto audiovisual participativo para repensar o futuro do Ulla. Foi moi emocionante ver as reaccións de todo o mundo que estabamos no Foro de Agroecoloxía do SLG, moitas caras emocionadas moita xente chorando. Foi un proxecto no que participaron unha morea de persoa do territorio e cun resultado participativo e emocionante.

Este filme está formado por cachiños de vídeos que durante meses a veciñanza das comarcas afectadas polo proxecto de Altri foron enviándonos. Con toda esa recompilación de vídeos enviados por WhatsApp compuxemos unha parte da película e a outra parte foi producida a través de equipos de gravación que percorremos todo o territorio e as comarcas afectas entrevistando as persoas que queríamos que estiveran representadas e tamén lugares, paisaxes, que queríamos que quedasen recollidas nesta película que máis aló dese Altri Non, tan necesario, fala tamén do que SI. Un exercicio de dicir SI a esas persoas que levan poñendo o corpo toda a súa vida para protexer o territorio, para construír paisaxe, para producir alimentos, para producir artesanía.

Son Irea, veño de Friol. Nacín e crecín nunha granxa de vacún de leite e carne en ecolóxico e con transformación en queixos e venda directa. Facendo referencia ao título da película “O Ulla si”, nós somos as do SI, SI ao Ulla, SI á agroecoloxía, SI á soberanía alimentaria, e fago unha pregunta: quen amedrenta a quen?

Nós SI que cremos neste modelo de vida e o que queremos é que outros aposten por nós, porque nós SI que apostamos e cremos no noso futuro.

**“Nós somos as do SI, SI ao Ulla,
SI á agroecoloxía, SI á soberanía
alimentaria, e fago unha
pregunta: quen amedrenta a
quen?”**



Adrián Gallero

Sábado 1 de febreiro

A xornada deu inicio coa mesa “A Ulloa, unha comarca en equilibrio”. A Secretaria Xeral do SLG, a gandeira e produtora de faba de Lourenzá **Isabel Vilalba**, abriu este espazo destacando a importante actividade económica da comarca e alertou do perigo que suporía o incremento de plantacións de especies pirófitas no caso de aprobarse a macrocelulosa de Altri-Greenalia. Fixo fincapé na multidimensionalidade da actividade agraria, que implica tamén todo tipo de servizos vinculados, patrimonio, etc. Un potencial no que podemos avanzar para ter produción de alimentos saudábeis.

Sonia Villapol, neurocientífica da Terra Chá con vinte anos de traxectoria en centros de investigación estadounidenses e unha das autoras do informe sobre Altri-Greenalia coordinado polo Consello da Cultura Galega, explicou que a documentación presentada por Altri-Greenalia non cumpre os requisitos mínimos de deontoloxía, presentando fortes eivas de transparencia en cuestións metodolóxicas e de conflito de intereses. Sonia Villapol destacou tamén o feito de que non inclúen un trato específico do impacto sobre as persoas traballadoras, malia estar constatado o aumento de cancros nas persoas que traballan neste tipo de fábricas.

Así, explicou, na documentación do proxecto Gamma hai carencia de datos esenciais sobre metais pesados e compostos que estarían presentes nas emisións. Sonia Villapol foi moi clara ao respecto da documentación presentada por Altri: “era moi difícil darlle unha credibilidade científica”.

O investigador do CISPAC **Xavier Simón** advertiu que as estratexias de mercantilización da vida eluden por valor a cousas moi importantes: “o relevante son os valores e intereses que están en disputa, cales son tomados, e cales non, para tomar as decisións”. Simón reflexionou



sobre as eivas das ferramentas clásicas do paradigma científico, cualificándoas como “non válidas” para facer fronte nin a retos globais como o cambio climático ou as crecentes iniquidades sociais, nin para o caso de Altri-Greenalia.

“Hai que dialogar, non impoñer, como se está facendo co macroproxecto Gamma”, concretou. Ademais diso, destacou Simón, enfrontámonos a un marco normativo que está desenhado para privilexiar á grandes corporacións, fronte ao que alentou a levar adiante iniciativas económicas transformadoras e fortalecer a loita contra Altri-Geenalia: “non queremos Altri, nin hoxe, nin mañá nin nunca máis” concluíu.

Pechando esta mesa, **Alejandro García**, gandeiro de Cacheiras Cas Fidalgo e activista na Plataforma Ulloa Viva, afondou no contexto no que está a ter lugar esta ameaza para a comarca: “é o modelo de eucalitización o que nos fai dano, Altri é o monstro que vén comer o pastel ao final da festa. Perdemos moitísima terra de cultivo nas última décadas, acompañado da destrución da paisaxe e o patrimonio arquitectónico galego. É un modelo destrutivo do interese xeral e lucrativo dos intereses particulares, tanto por acción como por inacción da administración. O que precisamos é un modelo construtivo, inspirado no modelo agrario galego. Eu quero seguir vivindo na

terra, nunha terra limpa, quero seguir modelando a paisaxe coas miñas vacas. Altri NON”.

Retomamos a sesión do sábado pola tarde centrándonos en analizar como desenvolver a comarca da Ulloa dende a agroecoloxía. Para iso dimos a coñecer experiencias que xa están en marcha, como o programa rural de Educación Infantil e Primaria “**Da Escola á Granxa**”, “**EoAli-menta**: a Estratexia Alimentaria Participativa da biorrexión do Eo”, o **Servizo de Dinamización Local Agroecolóxica de Orduña**, Ekoizpen e o proxecto “**Ruralidad, recursos para o emprendemento rural**”.

Domingo 2 de febreiro

O domingo pola mañá transcurriu na Casa da Cultura de Antas de Ulla, comezando cun faladoiro labrego baixo o título “**Megaindustria é destrución: Experiencias de loita e resistencia**”, coa participación de veciñanza organizada contra a mina de Corcoesto, a mina de Touro, Altri-Greenalia e experiencias de resistencia contra Alcoa.

“Que sentido ten traer a macrocelulosa para aquí sabendo que vai ter consecuencias? O noso país ten un problema moi grave de despoboamento e o sector produtor de alimentos é clave para manter un medio rural vivo, é o noso sector o que debería ser estratéxico e non unha macrocelulosa. Temos unha comunidade que se levantou que se organizou, pararemos este proxecto. A Terra non se vende”, defendeu o afiliado do SLG Lois Varela, implicado na loita contra Altri-Greenalia.

Ás 12h tivo lugar a preestrea do filme “**O Ulla si, un proxecto audiovisual colectivo para repensar o presente e o futuro do Ulla**”, cun enriquecedor debate posterior.

Logo dun xantar con petiscos agroecolóxicos, ás 15.30 retomamos a sesión da tarde cunha visita guiada a cargo de **Xurxo Mourino**, biólogo e activista da Plataforma Ulloa Viva, que puxo fin a esta sétima edición do Foro Labrego de Agroecoloxía.

ANTÓN ALONSO RODRÍGUEZ ▶ Un referente importante do SLG na súa zona, foi concelleiro en Oímbra e presidente da Xunta de Veciños durante máis de dez anos

“Unha vez fun cun tractor que tiña vello a Verín, detrás miña viñan preto de 300 persoas para cortar a rúa”

✓ **Antón, estiveches vinculado co Sindicato Labrego dende o ano 1977. Viviches de preto o tema da cota empresarial.**

A cota empresarial os primeiros anos foi unha batalla dura. Era vergonzoso que lle cobraran por empresarios ás persoas que tiñan unha pequena cantidade de agricultura. Nunha zona na montaña, aproveitando que estabamos dando unha charla do BNG, deixamos ben claro a importancia que estaba tendo o Sindicato Labrego respecto á cota para quitala. Daquela si que se fixera forza. Aquí no concello entre outro concelleiro que había e mais eu encerrámonos alí dous días polo tema da cota empresarial. Aquela fora unha batalla bastante dura e a xente entendíao. Somos unha zona rural e naqueles tempos a poboación estaba contenta de que se loitara por iso.

✓ **E que estíbese cobrando por algo que non tiñades.**

Efectivamente, naqueles tempo no rural non creo que ninguén tiveran empregados.

✓ **O SLG tamén pedía que os prezos fosen xustos para poder vivir do rural.**

Si, fixemos manifestacións ao respecto e era con esa intención, sobre todo polas zonas do leite. En Xinzo incluso agora seguen Anxo e Ros [persoas técnicas do local do SLG na zona], que aínda lle consulto ás veces algunha cousa. Esa xente si que ten mérito, aí segue loitando. Nesta zona non hai tanta afilia-



Antón Alonso Rodríguez na súa bodega no concello de Oímbra (Ourense).

ción pero aínda así vive moita xente dos ingresos do campo.

✓ **No 2010 fixemos mobilizacións en Xinzo polo tema do prezo xusto para as labregas e os labregos, e non hai moito, no 2022, volvemos.**

Unha vez fun cun tractor que tiña vello a Verín, detrás miña viñan preto de 300 persoas para cortar a rúa. Estaban os municipais e a garda civil tentando botarnos fóra, pero os do pobo dicíanlle que se foran que nós tiñamos razón. Noutra oca-

sión, estando nunha praza en Verín na feira, estaba sentado nun banco e veu un garda civil, que me coñecía perfectamente, e eu tiña nas mans uns panfletos contra a cota empresarial. Entón preguntoume que era iso e díxome se podía coller uns. E deille. O caso é que ao cabo dun mes, chámame do Xulgado de Primeira Instancia por reparto de propaganda ilegal. Entón fun alí preguntar de que se me acusaba. Entraron no arquivo e miraron: era unha denuncia no gobernador civil por propa-

ganda ilegal. O axente, logo que se xubilou, andaba por aí de inspector cobrándolle á xente. E díxenlle: pero ti non sei como te atreves a ir a casa ningunha preguntar nada porque un día vante botar a paus! Eu non cheguei nin a ir ao xuízo, xa que non estimaron que fose culpábel.

✓ **Seguro que comentaras iso con alguén do SLG.**

Si, eu nunca me sentín só, non lle tiña medo a ninguén. Fun o presidente dunha comisión do tabaco, naqueles tempos, fun o presidente da Xunta de Veciños tamén durante dez anos ou máis. A xente sabía que eu non traizoaba a ninguén nin lle roubaba un céntimo.

“A xente
sabía que
eu non
traizoaba a
ninguén nin
lle roubaba
un
céntimo”



Juana Pardo Salgado e Antón Alonso Rodríguez na salón da súa casa en Oímbra. Teñen dúas fillas: Ana e mais María Xesús Alonso Pardo. Na imaxe, canda súa nai e seu pai, está unha delas, María Xesús, que estivo presente o día da entrevista.

✓ **Ademais de participar en actividades do Sindicato Labrego tiveches responsabilidades coa veciñanza, estaba claro que ti eras unha persoa con capacidade para exercer certo liderado e tamén para o SLG. É o Sindicato Labrego Galego unha organización importante xa non só para defender aspectos da vida do rural, senón para facer que as persoas se sintan máis seguras?**

Eu creo que si, creo que é moi importante. Aquí nunha ocasión tivemos unha colleita de viño que non se daba sacado, entón fixemos entrevistas da man da Consellería do Medio Rural. Primeiro dicían que nos ían axudar, que non nos ían deixar tirados, que íamos sacar o excedente por medio dunha bodega. Despois xa dicían que iso non se podía facer, eu fixen forza para levalo a cabo. Díxenlle que xa lle prometemos á xente e iso hai que arranxalo dalgunha maneira, e logo arranxámolo e incluso non lle sacamos só aos que estaban afiliados ás Comisións Labregas, senón que lle sacamos a todas as persoas que tiñan de excedente na casa.

✓ **Que lembrás da Limia?**

Fun a moitas manifestacións. Lembro que levaba a miña furgoneta cargada de bandeiriñas para repartir por alí, pero foi hai vinte e cinco anos e xa non me

lembro ben de que era. Alí fixéranse moitas mobilizacións. Fun a Santiago incluso.

✓ **Representaches a xente.**

E non estou arrepentido! Foi na época de Lidia Senra. Lembro que me chamaban con frecuencia para preguntarme que opinaba sobre certos temas, que me parecían.

✓ **Está claro que cambiou moito a vida dende o ano 1977, pero é importante seguir loitando para que se produza alimentación na Galiza para a xente da Galiza e dende Galiza. Cres que deberíamos de pedirlle á administración que teña máis en conta ás persoas que están no**

rural e non tanto ás grandes empresas?

Está claro, nós somos o grao máis baixo e até parece que se esquecen de nós! De todas formas, na nosa comarca a produción maior é a de viño. Hai vinte anos non había unha bodega, o que había era unha e pouco máis, e hoxe case está todo o mercado con iso, que se fai contrato e vaise desenvolvendo todo bastante ben.

“O problema é cando chega un temporal, un graínzo ou unha tormenta, as persoas labregas non están amparadas”

✓ **Iso significa que hai futuro?**

Eu creo que si, aquí na agricultura do noso val si. Se se traballa tamén se vive ben da agricultura no noso pobo. No agro se non hai certa rendabilidade a xente cambia, ten que buscarse a vida. Aquí hai 8 ou 10 traballadores que viven da viña. O problema é cando chega un temporal, un graínzo ou unha tormenta, as persoas labregas non están amparadas. Entón aí moita xente bótase para atrás. O que vive diso só e paga a Seguridade Social debería ter máis garantías. Porque é moi triste que se vén unha mala temporada, xeadas, ou temporal desfaga a colleita de todo o ano, moitas veces non están protexidos nese sentido. Pódese contratar os seguros agrarios para compensar parte das perdas, pero moita xente bótase para atrás porque non están ben adaptados para as pequenas fincas ao que é a realidade da Galiza. É unha reivindicación que os seguros agrarios sexan accesíbeis e se adapten á estrutura territorial e á climatoloxía que temos aquí.



Xosé Ramón Cendán canda Antón Alonso Rodríguez e Juana Pardo Salgado.

CRISTINA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ ▶ Labrega en Gandería Portela SC, xunto ao seu compañeiro Carlos (A Portela, Anseán, O Corgo), e neta do señor Xulián, un dos referentes máis fortes contra a cota empresarial na década dos oitenta, pola súa firmeza e determinación para non deixarse influír nin corromper na loita

“A historia do meu avó cóntoa onde sexa”

✓ No Sindiato Labrego Galego constatamos que se había alguén de palabra e de resistencia, se se comprometía a unha cousa cumpríaa, era o teu avó Xulián. Ademais era un home moi sinxelo, moi traballador da súa casa pero tiña moita máis profundidade da que pensamos porque el entendeu a loita e puxo algo, que era a vida, a posibilidade que lle embargaran as súas terras, tanto a nivel emocional como de ingresos, e iso valorámolo no Sindicato Labrego, pero queríamos ter a perspectiva familiar. Aínda ti sendo nena, cales eran os recordos e como se viviu iso na familia?

Para min meu avó era o máximo, pero a perspectiva que vexo que ten a xente cando fala del é que era unha persoa totalmente defensora das súas ideas e ninguén o sacaba de aí, e niso da cota empresarial demostrouno. Porque se é outra persoa, cando está xa a punto de que lle van embargar as finas e que vai haber unha poxa, eu creo que volve atrás e paga e acabouse a historia, pero el seguiu até o final.

✓ Tivo presións para aceptar pagala? E na familia?

Si, recordo que houbo momentos duros pero el tiña a idea clara e punto. Se estivera todo a cargo de meu pai el igual se rendía, pero meu avó non. Iso que el xa tiña setenta anos cando foi todo iso. Xa era maior, se é outra persoa deixa que decida o fillo pero el non.



Cristina Rodríguez Vázquez na súa granxa de vacún de carne en A Portela.

✓ Ademais coñecendo a cultura galega, e sobre todo a cultura labrega, *o que dirán sempre ten peso. Como foi a súa relación coa veciñanza nese senso?*

Os veciños apoiárono todos e foron con el para adiante.

✓ Estamos falando dunha loita que durou moitos anos pero ao final foi vencida. Non se trataba só de gañar ou perder, senón que era unha loita contra un imposto que non tiña sentido, pagar por ter obreiros que non había, era totalmente inxusto. Como vos sentides vós despois de que esa loita se gañara? Afectaba a todas as persoas labregas da Galiza.

Orgullosísima! Eu a historia do meu avó cóntoa onde sexa!

✓ Tivo algunha influencia que ti seguias sendo labrega?

Estiven traballando fóra uns anos. Pero esta vida é moito máis tranquila, é outro mundo. Ten as súas vantaxes e os seus contras, pero ao quedar eu soa nin ter irmáns nin nada teño que seguir. Gústame ter as fincas, non vendo nada. Quizais sexa por iso tamén, ao quedar soa, e teño dúas fillas, que o feito de non ter que comprar unha casa supoño que o valorarán algún día.

✓ Na vosa granxa tedes arredor de 50 vacas de vacún de carne, como te sentes ao seguir a saga familiar gandeira? Ben, moito mellor que traballando fóra.

✓ Canto tempo estiveches tra-

ballando fóra de aquí?

Dezaseis ou dezasete anos, en Bricoking até que pechou.

✓ E logo retomaches a actividade gandeira.

Si, estaba Carlos na casa [a parella], e agora traballa el fóra e eu aquí. Polo tema de ingresos fai falta. Traballa media xornada e logo volve para a casa. Nós aquí temos as vacas fóra, temos un lote dentro e outro fóra. Os becerros paren fóra e todo.

✓ Na familia que formades usades a terra da túa parella pero seguides usando as túas tamén.

Si, as fincas de Lánacara utilízamolas para a herba seca todas. Durante o inverno páceas o veciño coas ovellas e cando é a herba seca contármola nós.

“Para min vivir aquí no rural é un luxo, de feito cando vou a Lugo estou desexando volver”

✓ **Xa sabes que hai debate entre as persoas que queren ter os becerros acortellados e as que non, como é a vosa experiencia ao telos fóra?**

Témolos fóra pero metémolos nos últimos meses, porque xa temos as construcións e estamos acostumadas entón seguímolo facendo así.

✓ **Que é o que menos che gusta do teu traballo?**

Os partos e que tampouco tes vacacións (ri). Algúns días colles, aínda que sexan catro, polas nenas tamén fai falta. Agora é distinto de como levaban a granxa meus pais. Eles non tiñan un día libre enteiro. A nivel de papeis é máis difícil

agora, case é preciso ter unha secretaria!

✓ **Esa é unha reivindicación importante que tamén fai o SLG, a de simplificar os trámites.**

E que se fas caso tes que estar continuamente diante do ordenador!

✓ **E o que máis che gusta?**

A liberdade que tes, se non vas ás nove á granxa vas ás dez, non tes horario fixo.

✓ **Cóntanos algún recordo que teñas de teu avó que che marcara?**

Ui, teño moitos! Por exemplo, cando comecei a saír el non quería que saíra da casa. Ía á habitación verme e senón estaba armáballes alí un cristo...entón miña nai optou por poñer unha almofada na cama. El abría a porta pero non prendía a luz, antes de ir a durmir, e se vía un vulto, xa pensaba que estaba aí e xa durmía tranquilo. Logo cando comprei o coche, o 106 que está aí [ao carón de onde realizamos a entrevista], axudoume el a compralo, deume a entrada e logo fun pagándoo eu. Só puxo unha condición: tiña que ser branco ou vermello para que me viran ben na autoestrada (ri). Era así sempre comigo. Ao mellor viñan algún dos outros netos, e nin caso...el todo

era Cristina, *onde vai Cristina?* E dicíanlle miña tía, “pero papá ten máis netos!”. Para min el tamén era o avó, aínda que tiña outro avó para min el era o avó. Comigo nunca se enfadou.

✓ **Para o teu avó o SLG foi importante, e teu avó para o SLG tamén, segue sendo importante para vós a nosa organización?**

Si, claro, para nós o SLG dende sempre, seguimos aquí. A parte das xestións que facemos sempre aí con Elvira e co resto das compañeiras e compañeiros, con Brais que nos fai a PAC, etc., todo!

✓ **Queres contarnos algo máis sobre a granxa?**

Para min vivir aquí no rural é un luxo, de feito cando vou a Lugo estou desexando volver, xa non me atopo cómoda. Antes si que me gustaba ir, agora xa nada, estou desexando estar aquí tranquilamente. As miñas fillas hai unha que non lle gusta moito, que non vai tirar polas vacas, pero a outra ao mellor si. Á pequena sáelle vir axudarnos.

✓ **E a ti gustaríache que elas continuasen?**

Si, o que pasa é que agora está cada vez peor. Antes meus pais vendían un becerro e con eses cartos facían un montón de cousas, pero agora a nós non nos dá

a vida. Cando das pagado todo o que tes que pagar non che queda, todo sube menos os soldos. Non debería ser ter que traballar un dos dous fóra para vivir normal sen luxos, pero así é na maioría das granxas. Ou tes unha granxa enorme ou senón precisas algún ingreso.

✓ **Como ves o futuro?**

Non o vexo moi ben porque nos poñen as cousas máis difíciles cada vez. Terían que dar máis axudas para fomentar a vida no rural e colaborar de verdade. Eu no tema da carne non digo subir a carne no supermercado, non digo de subir, porque cun soldo normal non podes mercar carne, pero claro dende o que nos pagan a nós até como está na carnicería, ao mellor hai oito ou nove euros de diferenza! Onde está todo iso? Agora o que queren son grandes granxas, as mediadas e as pequenas imos quedar...

✓ **A maioría do mundo aliméntana as pequenas granxas, as familiares.**

Si, e a calidade tamén é diferente.

✓ **Que o futuro non estaba ben xa se dicía no tempo do teu avó, e seguides aquí!**

Si, iso e certo. Eu vexo todo o que conseguiron meus pais con poucas vacas! Aquí estamos!



A gandeira Cristina Rodríguez, neta do señor Xulián, na súa granxa de vacún de carne en A Portela canda unha das fillas.

“Terían que dar máis axudas para fomentar a vida no rural e colaborar de verdade”

LEI DE DEPENDENCIA ▶ Entrevista realizada a Cruz Pita Cabaleiro, de Muras. Cruz coida da súa nai dependente. Levan agardando dende 2023 para recibir algún tipo de axuda. En agosto de 2024 viñeron realizar a valoración e, a día de hoxe, seguen ser resposta. O seu pai, Heriberto Pita, tamén era dependente. Faleceu o pasado 8 de outubro aos 98 anos. Acaba de archivar a súa solicitude.

“Vivo por e para ela”

✓ **Cruz, cóntanos con quen vives?**

Con meus pais. Agora hai varios meses que faleceu meu pai, así que só con miña nai.

✓ **Que idade tiña teu pai?**

Morreu con noventa e oito anos, ía facer noventa e nove. Miña nai ten noventa e cinco.

✓ **Cantos anos levan xa sen poder vivir sós?**

Bastantes. Igual trinta anos, sobre todo miña nai que está operada das cadeiras. Precisa axuda para ducharse, vestirse, etc.

✓ **Encárgaste ti soa dos coidados? Non hai ningún familiar preto que poida axudar?**

Si, encárgome eu soa. Non, nada, non hai ninguén.

✓ **Cruz, como é o teu día a día?**

Levántome sobre as oito da mañá. Axúdoa a levantar a ela, vístoa, prepárolle o almorzo. Teño cinco vacas, entón aténdooas e logo xa comezo coa comida. Antes tiña ovellas, pero deixeiñas porque non daba feito, sobre todo cando estaba meu pai tamén ao meu coidado, que me era imposible dar feito con todo. Procuramos comer sobre a unha ou unha e media para ter uns horarios un pouco normais. O día que está bo saímos a pasear. Son 24 horas pendentes dela, porque se cae tampouco se dá levantado soa. Logo ceamos e estou pendente para cando se vaia á cama axudala a poñer o pixama e durmir.

✓ **A situación é dura tanto para ti como para ela. Para ti porque estás as 24 horas do**



día pendente dela, pero tamén para ela efectivamente polo mesmo, porque é consciente de que a túa vida está dedicada ao seu coidado.

Si, é así.

✓ **Tes algunha axuda do concello ou doutra administración? Pediches algo?**

Nada. Si, pedimos.

✓ **Quen te informou desas axudas?**

Algo se oíra falar na televisión e logo por mediación do Sindicato Labrego Galego.

✓ **Pedíronse hai un ano, foron a valoración de discapacidade e de dependencia, e pediuse a axuda a coidador porque en aquel momento vivía teu pai, e xa tiña demencia e non se vía viábel a axuda a domicilio. Viñeron valorar no mes de agosto, e a día de hoxe seguimos sen ningún tipo de contestación. Hai un ano precisamente a Xunta anunciaba que ía reducir as listas de agarda e que se ían facer as valoracións en seis meses, e tamén se citaba a axuda a coidador dos 5000**

euros, a realidade é outra. Como valoras ti isto?

A realidade é outra. Nada que ver, totalmente falso o que nos venden os medios.

✓ **Que significado ten para ti facerte soa cargo dos coidados?**

É unha carga, ás veces para unha persoa soa facerse cargo de dúas persoas dependentes como era miña nai e meu pai... había momentos bastante estresantes. Vivo por e para elas as 24 horas ao día.

✓ **Coidaches a algunha persoa máis ou axudaches a coidar?**

Si, axudei a coidar á nai do meu compañeiro, que estivo dez meses encamada. Axudáballe a coidala dúas veces ao día, 10km me desprazaba todos os días, pola mañá e pola noite.

✓ **Como che gustaría que se deseñasen estas axudas ou que precisarías ti para poder coidar e estar coidada ti tamén pensando na túa propia saúde?**

Que nos dean un pouco de axuda, o que queiran pero algo, para que as persoas coidadoras poidamos facer algo de vida propia, porque non temos.

✓ **O pasado 11 de febreiro saístes na televisión, en Noticias Cuatro, falando do voso caso. Non houbo novidades dende aquela?**

Non, sei que hai xente en Muras que xa hai tempo que están cobrando, e tamén sei doutras persoas que levaban tamén un ano agardando e a raíz de saír eu na tele chamáronas. Aínda me chamaron hoxe para darme as grazas por saír na TV que chamaron aquí a algunhas persoas.



Cobre San Rafael dirixiuse á Valedora do Pobo para tentar impedir o acceso do SLG á información da mina de Touro-O Pino



A mediados de febreiro foínos notificado que Cobre San Rafael formulou unha reclamación ante a Valedora do Pobo en contra da aprobación parcial de acceso á información relativa ao expediente de declaración como Proxecto Industrial Estratégico (PIE) do Proxecto Cobre San Rafael dentro da Concesión de Explotación “San Rafael”, emitido finalmente pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético o pasado mes de decembro a solicitude do Sindicato Labrego Galego, malia ás múltiples alegacións de oposición interpostas pola empresa.

No seu texto escrito, a empresa Cobre San Rafael interpela á Valedora para cualificar de “abusivo” o exercicio deste dereito de acceso por parte do Sindicato Labrego Galego (SLG) fiando un argumento baseado en cuestionar o traballo en rede co que as organizacións sociais tentamos acadar os mellores resultados posibles cos escasos recursos loxísticos e económicos que temos. Dende o SLG reiteramos o apoio á veciñanza afectada e animamos á cidadanía a sumar forzas para impedir a reapertura da mina.

A Xunta enviou cartas á veciñanza afectada pola mina dando por feito a expropiacións dos seus bens

Tras as visitas intimidatorias polas casas levadas a cabo por persoas vinculadas a Cobre San Rafael para convencer á veciñanza de que non se pode facer nada para parar este proxecto, en pleno período de alegacións, a Xunta de Galicia sumou esforzos en consolidar esa enganosa interpretación acelerando un trámite informativo que debería levarse acabo única e exclusivamente no caso de que fora aprobado o proxecto, cinguíndose, como é lóxico, ás características finais do mesmo.

“Cumprimiron tanto os procedementos con todas as “simplificacións” que parece que se dá por feito que os proxectos que van ao Consello da Xunta xa teñen todos os parabéns da administración e a aprobación. Dende o SLG reiteramos á cidadanía que este proxecto non está aprobado. De feito, se se avalían os impactos deste proxecto axeitadamente nunca se debería aprobar”, explicou a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG, Margarida Prieto Ledo.

O SLG participou na grande manifestación de Queremos Galego o 23 de febreiro en Compostela na defensa da nosa lingua



O 23 de febreiro, Día de Rosalía de Castro, milleiros de persoas acudiron á manifestación nacional *Lingua Vital Xa! Paremos a emerxencia lingüística* en Compostela, organizada pola Plataforma Queremos Galego en defensa da lingua galega na que participamos dende o Sindicato Labrego. Nos meses de xaneiro e febreiro o SLG asistiu aos plenarios comarcais que a

plataforma convocou nos diferentes puntos da Galiza de cara á preparación desta multitudinaria mobilización. A marcha saíu ás 12h da Alameda e concluíu na praza do Obradoiro, onde o músico Xurxo Souto conduciu o acto, que contou coa lectura do manifesto Queremos Galego, intervencións de representantes de Queremos Galego e actuacións musicais.



Racismo, explotación laboral, acaparamento de terras e contaminación

A finais de xaneiro medios de comunicación fixéronse eco dunha investigación da Garda Civil fronte un posíbel delito contra os dereitos dos traballadores nunha produción de arandos en Pacios (Lugo) que afectaría a 80 persoas africanas que foron atopadas desorientadas, aloxadas nun establecemento sen licencia en Ordes (A Coruña) que debían financiarse eles mesmos, ademais de pagarse o transporte até Lugo. Segundo fontes de organizacións sociais que están seguindo casos de explotación laboral industrial, a persoas migrantes na provincia luguesa, persoas que están sendo investigadas por estes feitos ocuparon cargos de responsabilidade na polémica agroindustria Surexport, até hai uns meses instalada na Terra Chá, que conta con múltiples denuncias vinculadas ás súas condicións laborais e na que mesmo tivo lugar en agosto do 2021 a morte dun temporeiro de 27 anos ao finalizar a súa xornada de traballo.

Arquivada por falecemento a solicitude de axudas á dependencia de Heriberto (98)

Ás poucas semanas de termos a entrevista con Cruz Pita, recibiron a notificación do arquivo da solicitude de axudas á dependencia de Heriberto Pita por falecemento. Segundo datos do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, no noso país a cronificación dos atrasos na prestación das axudas e medidas debido á nefasta xestión da Lei de Dependencia por parte do Partido Popular de Galicia - que supera o ano de tempo de espera medio e sitúanos como a comunidade autónoma con menos porcentaxe de solicitudes malia ter a porcentaxe de grandes dependentes máis alta de todo o Estado- provocaron que entre xaneiro e outubro de 2024 máis de trescentas galegas e galegos morreran mentres estaban na lista de agarda.

Este foi o caso de Heriberto. A súa solicitude cursouse en decembro do 2023, pero foron valorados case un ano máis tarde, en agosto do 2024. Heriberto faleceu o 8 de outubro de 2024.

Ao igual que lle está a acontecer a centos de familias galegas nesta mesma situación, a Consellería de Política Social e Igualdade remitiulles unha



carta para informar do arquivo do expediente deste home de 98 anos "por imposibilidade material de continualo", argumentando o falecemento da persoa solicitante.

"Imos recorrer até onde sexa preciso, e como Sindicato imos poñer esta nova situación en coñecemento da Valedora do Pobo e levar este caso ao Consello Galego de Benestar Social. Ademais, Modesta, de 95 anos e pasados 14 meses dende a súa solicitude, aínda non lle responderon nada. A que están agardando? A que morra para archivar tamén o seu expediente?", denunciou a vogal do SLG no Consello Galego de Benestar Social, Margarida Prieto.

CCOO, COTS e SLG coinciden coa FEGAMP no diagnóstico sobre a situación do sistema de atención á dependencia

Representantes de Comisións Obreiras (CCOO), do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) e do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTS), entidades integrantes do Consello Galego de Benestar Social, reuníronse o martes 18 de febreiro con Patricia Vilán Lorenzo, secretaria xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Durante o encontro, amosaron a súa coincidencia no diagnóstico do sistema de atención á dependencia (SAAD).

CCOO, COTS e SLG presentáronlle á FEGAMP unha proposta de moción que as tres organizacións fixeron chegar aos distintos partidos políticos para que se someta a debate nas 313 corporacións locais da Galiza, así como nas catro Deputacións. As entidades promotoras fan un chamamento aos concellos galegos para que adopten esta moción e reclamen unha política social que garanta o dereito á autonomía e á atención digna das persoas en situación de dependencia.

Mobilizámonos na defensa do sistema público de atención á dependencia en Santiago de Compostela



As organizacións Comisións Obreiras (CCOO), Colexio Oficial de Traballo Social (COTS) e Sindicato Labrego Galego (SLG), todas elas integrantes do Consello Galego de Benestar Social (CGBS), levamos adiante o 10 de febreiro unha concentración diante da Xunta de Galicia (Compostela) na defensa do sistema público de atención ás persoas dependentes. "Esta mobilización é sobre todo unha chamada ao sistema público de atención á dependencia e

tamén unha denuncia das últimas medidas de como se incrementa a vulnerabilidade de persoas dependentes e das súas familias", afirmou a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, dende a concentración. Non se pode converter os coidados nun negocio en mans de grandes multinacionais. Necesitamos dunha estratexia de servizos sociais, que garantan a calidade dos servizos públicos. O acceso aos servizos sociais é un dereito recoñecido.

Nace a asociación ASGADeD

A Asociación Galega na Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade (ASGADeD) está integrada por persoas de diversas contornas sociais e profesionais, preocupadas pola situación actual dos servizos públicos da dependencia e discapacidade na Galiza.

Procura avanzar na construción dun forte movemento social amplo, plural e transversal, que mobilice á sociedade galega e lles exixa ás administracións públicas (sobre todo á autonómica e á estatal, pero tamén á municipal), un compromiso real para conseguir a creación duns servizos sociais da dependencia e discapacidade de calidade, e que cubran as necesidades reais das persoas dependentes, e que ademais, se caractericen por ser de financiamento, titularidade, xestión e provisión 100% públicas.



Margarida Prieto Ledo, vogal do SLG no Consello Galego de Benestar Social, e o noso compañeiro Xosé Ramón Cendán participaron na rolda de prensa canda Francisco Vizoso o 26 de febreiro en A Coruña.

ENCONTRO MULLERES ▶ XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego terá lugar no Vello Cárcere en Lugo os días 8 e 9 de marzo

XIX ENCONTRO SECRETARÍA DAS MULLERES

Sindicato Labrego Galego
VELLO CÁRCERE

LUGO

Labregas organizadas

Feminismo e loita pola
nosa Terra

8 e 9 de marzo

Sábado 8 de marzo

11:30 - **Benvida** a cargo de **afiliadas da comarca, compañeiras da Plataforma Feminista de Lugo e María Ferreiro Santos**, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG

12:00 - **Mulleres labregas e feminismo: Representación e transformación das políticas públicas**

- Perspectiva labrega e feminista nas políticas públicas: é a PAC unha política pública que ten en conta as mulleres labregas? **María Ferreiro**, labrega responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG
- Presentación do estudo "Participación política das mulleres labregas no Estado español", **Isabel Álvarez**
- O papel das persoas mozas que acceden a proxectos agrarios como relevo xeracional. **Guillermina Fernández Villar** investigadora no grupo Laboratorio e Territorio da USC

14:00 - **Xantar no albergue Lug2 a cargo de Biobocado**

16:00 - **As mulleres do rural "de onte": mobilizacións e memorias da historia do rural galego** - **Ana Cabana**

17:30 - Descanso

18:00 - **La Vía Campesina con Palestina**, **Isabel Vilalba Seivane**, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

19:30 - Saída cara á **Manifestación Feminista** coas compañeiras da **Plataforma Feminista de Lugo**

Domingo 9 de marzo

10:30 - Dinámica: **labregas organizadas, labregas apoderadas**

12:00 - Descanso

12:30 - **Feminismo, a nosa semente de vencer, intercambio de sementes labregas**

14:00 - **Peché do XIX Encontro** da Secretaría das Mulleres do SLG

14:30 - **Xantar no albergue Lug2**

16:00 - **Visita Casa Bértolo en Friol, gandaría de leite ecolóxica con queixería tradicional**



EVENTO INTERNO



MARÍA FERREIRO ▶ Responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego

“É necesario que as mulleres labregas participen con voz propia nos espazos públicos da súas organizacións”

✓ María, como vai ser este Encontro?

Cómpre sinalar que un ano máis volvemos a celebrar o Encontro, volvemos a xuntarnos as labregas de toda Galiza. Para nós este espazo dentro da organización é moi importante e celebramos que se siga mantendo no tempo, xusto o ano pasado fixemos 20 anos de Encontro. En canto ao contido, haberá dúas liñas temáticas a traballar nesta edición que están relacionadas cos nosos dereitos profesionais, neste caso coas axudas públicas. Sobre todo trataremos o tema da PAC.

✓ Xusto en pleno período da PAC impartirás unha palestra arredor dela e da súa vinculación coas mulleres labregas.

É importante que as mulleres labregas sexamos conscientes de como se reparten as axudas e nese reparto, que tería que ser neutro, xa que se reparten en función de hectáreas, encontramos que as mulleres temos as granxas menos dimensionadas en canto a hectáreas, en canto a superficie agraria útil, entón recibimos menor importe. Lígase co tema de por que as mulleres temos estas granxas menos dimensionadas. Unha das cuestións centrais é todo o relacionado cos coidado, moitas veces asumidos exclusivamente por nós. Este feito supón que gran parte do noso tempo estea dedicado ás crianzas, ao coidado de persoas maiores, etc., que fai que non poidamos manter unha xornada única e exclusivamente centrada no aspecto máis laboral. Iso é algo estrutural que acontece a nivel colectivo entre as mulleres.



María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG o ano pasado na celebración dos 20 anos de Encontro que tivo lugar en Chantada.

Despois do ano 2027 comezará un novo período de PAC e o que queremos é ter algún tipo de postura política e de negociación como mulleres labregas. Algo máis xusto sería que as axudas vaian en función das persoas que realmente se dedican á actividade agraria, teñan 5ha ou 10ha. No tema da PAC si que se falou de ter uns plans estratéxicos que contemplaran o tema do xénero, pero na realidade iso quedou en nada, non se contemplou en medidas, a día de hoxe seguimos tendo criterios desiguais.

✓ E que máis veremos?

É necesario que as mulleres labregas participen con voz propia nos espazos públicos da súas organizacións, cooperativas, asociacións, grupos de desenvolvemento rural, etc. Nese senso, Isabel Álvarez presentará o seu estudo “Participación política das mulleres labregas no Estado español” para poñer estas cuestións sobre a mesa. Neste estudo profúndase en

como as mulleres temos moitas barreiras no tema da participación, ás veces dende os tempos, dende a lexitimidade, dende o acceso aos espazos. É importante que haxa unha participación xusta e equitativa nos espazos onde intervimos.

✓ O domingo 9 de marzo está programada a dinámica labregas organizadas, labregas apoderadas.

O traballo do domingo está máis pensando en nós como mulleres labregas e como mulleres do Sindicato Labrego Galego. Aquí participarán mulleres de diferentes comarcas e zonas co fin de visualizar que aínda que sexamos de diversas zonas e sectores as problemáticas que compartimos poden ser parecidas. Afondaremos en que nos aporta a ferramenta do SLG, e en concreto a da Secretaría das Mulleres. Que foi para elas? Cando participaron como se sentiron? Que lles aportou? O obxectivo é reflexionar sobre iso e compartir para que outras

mulleres dean o paso a participar en espazos de decisión, neste caso máis pensando de maneira interna na propia organización e tamén no día a día.

✓ O propio 8M sairemos á manifestación feminista coas compañeiras da Plataforma Feminista de Lugo. É moi significativo que cadre así!

Aproveitando que estamos en Lugo e que o Encontro coincide o sábado 8 de marzo, iremos á manifestación para reivindicar os nosos dereitos como mulleres e particularmente como labregas.

✓ Ademais de falar, escoitar e encontrarnos, tamén visitaremos a granxa Casa Bértolo (Friol) e haberá intercambio de sementes.

En todos os Encontros hai dúas partes que son imprescindíbeis e que non poden faltar, unha é o intercambio de sementes. É moi importante para nós mantelo porque as sementes son unha parte fundamental da nosa actividade e sen sementes non hai vida. Ligado con isto, outro dos momentos que non pode faltar é a visita a algún proxecto no que haxa algunha muller na zona na que imos. Neste Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG iremos á Casa Bértolo en Friol, unha granxa familiar en ecolóxico, de leite, que nun determinado momento decide darlle un valor engadido ao produto e fai unha queixaría. A compañeira Concha Blanco Montecelos explicaranos con detalle como foi o proceso e como funciona na actualidade a granxa, na que tamén están vinculadas as súas fillas.

ENCONTRO MOCIDADE ▶ A mocidade labrega xuntarase o 15 e 16 de marzo en Vilarmaior

ENCONTRO NACIONAL DA MOCIDADE LABREGA



**15-16
MARZO**

VILARMAIOR
Espazo de ecoturismo Alvarella



Programación do Encontro Nacional da Mocidade Labrega

Sábado 15 de marzo

11:00 - As dificultades que ten a mocidade para acceder a unha actividade agraria

- Mocidade Labrega: A Necesidade de Organizarse para un Futuro Sostible no Rural Galego - María Osorio do **Sindicato Labrego Galego**
- A mocidade Labrega organizada na **Coordinadora Europea da Via Campesina**- Jean Mathieu Thevenot da Confédération Paysanne (posibilidade de intervención online)

12:15 - As preocupacións da Mocidade Labrega nas Políticas Públicas Actuais

- Presentación do Informe “Incorporación de mozos e mozas ao rural no Estado español. Relevo xeracional e novos perfís. Barreiras ás que se enfrontan e propostas” Nello Schisano e Sarai Martin da **Fundación Mundubat**
- CAIXA DE FERRAMENTAS: A nosa organización labrega, como a ferramenta máis valiosa de incidencia política - Brais Álvarez López do **Sindicato Labrego Galego**
- Ruralitid**, ferramenta dixital para impulsar o emprendemento agrícola sustentable - Nacho Maestre de **CERAI**
- Rede de espazos Test Agrarios** - Laura Megias, Coordinadora da RETA

14:30 Xantar

16:00 - Escolas de Formación Política: Fortalecendo a Incidencia das Organizacións Labregas

- As escolas de formación como elemento imprescindible para un futuro sostible no rural - Isabel Vilalba Seivane labrega e secretaria xeral do **Sindicato Labrego Galego** e Jeromo Aguado labrego xubilado e membro do Consello Editorial da **Revista Soberanía Alimentaria**

- A necesidade de seguir xermolando escolas que posibilitan o cambio nas comunidades rurais, participarán:

Escola de los Pueblos Josefa Martín Luengo - (Burgos) Pablo Simón

Escola de Acción Campesina - David Gallar (ISEC) e Ester Rubio (UAGA Aragón)

Escola Baserritik Mundura (Euskal Herria) - Berta Málvarez

Instituto Agroecolóxico Latinoamericano María Cano (Colombia) Yexibeth Virginia Cadenas de FENSUAGRO

Escola Florestan Fernandes do Movimento Sen Terra (Brasil) (pendente de confirmar poñente)

19:00 - Feira de escolas de formación: actividade participativa para poder afondar máis na escola que queiramos

20:30 - Plenario e fin da xornada

21:00 - Cea compartida: compartindo saberes e sabores

Domingo 16 de marzo

09:30 - Folla de ruta do traballo de Mocidade Labrega nos dous seguintes anos

10:30 - Escenario de futuro: Deseñando a Nosa Escola Labrega
Espazo facilitado por **Atalaías SCG**

14:00 - FIN DA XORNADA

14:30- XANTAR NO ALBERGUE DE ECOTURISMO ALVARELLA DE VILARMAIOR

16:00 - Granxa de Lousada da Irixoa

Sergio e Dolores presentarán o seu proxecto de produción de alimentos agroecolóxicos

Mobilización en Lugo e batería de medidas fronte á denegación masiva de plans de incorporación e melloras

O SLG convocou o 12 de febreiro en Lugo unha asemblea no Edificio dos Sindicatos e unha concentración posterior diante da delegación da Xunta de Galicia en demanda dun aumento de orzamento para resolver a convocatoria actual e unha convocatoria para o ano 2025 xusta, social, plural e con fondos suficientes.

“Non se entende que de 704 solicitudes de plans de mellora só aprobaran 180, deixaron o 74% fóra. Case 2 de cada 3 granxas que pediron o plan de mellora quedaron sen el porque a Consellería de Medio Rural non foi quen ou non tivo vontade de facer un orzamento acorde ás necesidades reais das labregas de todos os sectores”, cuestio-

nou a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane.

“É algo inaudito que por primeira vez se lle denegue un plan de mellora a unha moza ou a un mozo que se incorpora”. Fronte a este patente desleixo por parte da Xunta de Galicia, rexistramos a seguinte batería de

medidas dirixidas á Consellería do Medio Rural:

1. Convocatoria inmediata das axudas para o ano 2025.

2. Activación dos mecanismos necesarios para dende xa dotar todas as liñas do orzamento necesario para que ningunha granxa durante o período

2025-2027 quede fóra das axudas.

3. Cambios nos criterios para a concesión.

4. Limitación das axudas a percibir.

5. Creación dun comité de seguimento específico para estes plans.



DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas súas siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que imos amosando nos Fouces), correspondéndose o noveno á liberdade de asociación.

ARTIGO 9: LIBERDADE DE ASOCIACIÓN

1. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito a fundar organizacións, sindicatos, cooperativas ou calquera outra organización ou asociación da súa elección para protexer os seus intereses e negociar colectivamente, e a afiliarse a elas. As organizacións terán un carácter independente e voluntario, e non poderán ser obxecto de ningún tipo de inxerencia, coerción ou represión.

2. O exercicio de tal dereito só poderá estar suxeito ás restricións previstas pola lei que sexan necesarias nunha sociedade democrática, en interese da seguridade nacional, da seguridade pública ou da orde pública, ou para protexer a saúde ou a moral públicas ou os dereitos e liberdade dos demais.

3. Os estados adoptarán medidas apropiadas para fomentar a fundación de organizacións de labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais, como sindicatos, cooperativas e outras organizacións, en particular con miras a eliminar os obstáculos á súa fundación, ao seu crecemento e ao exercicio das súas actividades lícitas, como toda discriminación lexislativa ou administrativa que afecte a ditas organizacións e aos seus membros, e proporcionaranlle apoio para fortalecer a súa posición na negociación de arranxos contractuais co fin de que as condicións e os prezos estipulados sexan xustos e estábeis e non vulneren os seus dereitos á dignidade e a unha vida decente.

Os Estados deben fomentar e protexer o dereito das labregas e dos labregos a organizarse en grupos como sindicatos e cooperativas para defender os seus intereses



PALESTINA ▶ Dora Cabaleiro, integrante da Executiva do SLG, participou nunha delegación de La Vía Campesina en Palestina. A seguir narra como foi a súa experiencia na visita

A UAWC, un sindicato agrario que preserva a identidade palestina



[Fotografía: La Vía Campesina]

Vía Campesina Internacional organiza unha visita a Cisjordania en Decembro do 2024, dende hai moitos anos esta organización que reúne a labregas de todo o mundo, amosa a súa solidariedade coas persoas campesiñas da Palestina fronte á colonización sionista. A organización anfitriona é a UAWC (Unión de Comités de persoas Traballadoras da Agricultura). Da súa man coñeceremos o traballo que están a facer para coidar o legado da súa cultura, unha identidade labrega en grave perigo de ser borrada pola colonización de Israel. 80 anos sen tregua, primeiro a Nakba de 1948, a ocupación de 1967, as Intifadas de 1987 e 2005... e dende o 7 de outubro, este xenocidio sen precedentes, do goberno de extrema dereita israelí co apoio do goberno americano de Donald Trump. Todo isto está a acontecer ante a falta de posicionamento da comunidade internacional e dos gobernos europeos.

A visita

Durante a visita, un grupo de nove persoas labregas da Europa, o único continente que pode acceder aos visados; faremos un percorrido por Cisjordania, de Leste a Este, de Norte a Sur, Gaza fica fóra do noso percorrido, a entrada ou saída da franxa é imposíbel neste momento. Durante 10 días faremos un percorrido por proxectos labregos, organizacións da sociedade civil, campos de refuxiados, gobernadores, asociacións feministas, entre outras, que darán conta de como o día a día na Palestina a día de hoxe. Moitas horas separan as montañas lucenses da Palestina. A montaña prepárase para o evento do ano, A Foliada da Fonsagrada, a tradición galega engalánase e sae ás frías rúas a bailar, tocar e cantar, que a nosa historia está viva. Dáme mágoa perderme unha das miñas festas favoritas, mais dende que estalou a guerra, teño un forte chamado a poñer corpo neste conflito.

Vou no coche dende Negueira de Muñiz até Ourense, alí collerei o AVE que me leve até Madrid para coller o avión, primeira escala Estambul, Turquía; este é o punto onde me xuntarei con Malú e Kelo, as compas de ENHE, xuntas continuaremos a viaxe até Amman, capital da Xordania. Entramos na Palestina polo paso da Ponte Hussein, fronteira empregada pola cidadanía Palestina para acceder ao país. A fronteira é controlada por Israel, isto fai parte do apartheid, nin fronteira nin aeroporto propios. Estamos nerviosas, temos medo. Pa-

sado o mal grolo, mais aínda na fronteira, outra persoa únese a expedición, Oliver Moore da Talamh Beo, organización labrega da Irlanda. O taxi que agardamos non chega, damos unha volta para ver se atopamos un cartaz nalgún dos moitos taxis que agardan co motor aceso, un soldado israelí achégase para advertirme que non podemos andar *pululando* libremente, que nos manteñamos sentados nos bancos agardando, a actitude non é de axuda para unha persoa que está chegando ao país, é unha ameaza.

Poñémonos en contacto telefónico co persoal da Vía para que nos de indicacións de que facer, intentamos mantela calma e axiña chega o taxi que nos levará a Ramallah, capital da Palestina. Alí agárdanos o persoal da UAWC, que nos recibe cunha bolsa de agasallos, entre eles unha sudadeira de felpa que imos agradecer moito nesta viaxe, o tempo é frío. As compas da RIE, Pier Francesco e Elisa, e Carlos da CNA xa están instaladas no que vai ser o noso apartamento, queremos saír e ver que acontece nas rúas do centro da cidade, imos camiñando, isto axúdanos a liberar as tensións acumuladas durante a viaxe e a estirar as pernas. No camiño atopamos unha tenda de apicultura na que venden unha gran variedade de mel a granel, tamén unha chea de produtos feitos con mel, caramelos, produtos de cosmética etc., e material apícola de todo tipo. Chámanos a atención unha tenda tan moderna e nova, isto non é máis que a nosa idea premeditada de que iamos atopar moita pobreza, é un claro sinal da riqueza do pobo palestino.

Ramallah

Chegamos ao centro de Ramallah, despois dunha longa camiñada e visitamos o mercado de hortalizas, cheo de vida, e de produtos, todos moi ben colocadiños nas plataformas con rodas que serven de mesa e de transporte a un tempo. Pídlle a uns dos rapaces palestinos se me deixan probar o seu artefacto e accede sen máis problemas, imos rindo e falando cos outros comerciantes que entran ao xogo da aventura. Volvemos á casa para descansar, facemos o reparto de cuartos e falamos un pouco de como organizarnos para recoller as notas na visita, o programa preparado pola UAWC é moi ambicioso, a nosa axenda está chea e intentamos repartir o traballo entre todas, tamén ensaiamos como facer a posta en común dos días ao chegaren a casa na noite.

Malú e Kelo contan a súa experiencia cando visitaron Palestina hai 10 anos e como se organizaron neste aspecto. Carlos foi fotógrafo profesional e pide que este sexa o seu traballo, organízase coas técnicas da UAWC para que a cámara estea a punto e Oliver ofrécese a recoller notas de voz coa súa gravadora. Na mañá cedo chegarán Morgan e Fanni de Confédération Paysanne, Francia, e xa estará a delegación completa.

Primeiro día

Ás 7:00h dará comezo a visita. Erguémonos co canto do rezo nos altafalantes da cidade, o día comeza a clarear, un baile de persoas aseándose e preparando o almorzo do noso primeiro día, a cociña está chea de froita, hortaliza, pan de pita e unha morea de cousas que iremos descubrindo: tahin, sirope de pasas, crema de berenxena, humus, encurtidos e unhas deliciosas bolas de iogur en aceite, todo aderezado con litros de café con cardamomo. Recollemos e fregamos, preparamos as nosas mochilas, repartimos as dúas chaves do apartamento e baixamos na procura do autobús que nos recollerá na porta para ir á sede da UAWC en Ramallah.

Unha raiola de sol na beirarrúa fainos amorearnos para sentir a caloríña, o apartamento non ten quecemento e non nos atrevemos a acender as estufas eléctricas que deixaron para nós. Ramallah está a 1200m de altura e en decembro vai frío. Algunhas aproveitan para botar un pito, outras tiramos o lixo. Pier conta o importante desta tarefa, sobre todo para as persoas europeas que non temos costume de usar auga para limparnos cando defecamos, e o papel non pode tirarse no WV, xa que atascaría o seu sistema sanitario.

Mentres agardamos observamos os bidóns dos tellados da cidade. Mustapha xa está aquí, recíbenos cun sorriso e o seu ollar entre tímido e revoltoso. Unha gran espiga de trigo verde engalana a fachada do edificio da UAWC, o seu símbolo. Recollemos a Tamam, Aghsan, Sana e Fuad, que serán as persoas que nos acompañarán ao longo de toda a viaxe, facendo as traducións do árabe ao inglés, coordinación, loxística, coidados, xestión de emocións, guías de turismo, e tanto, tanto máis.

Xuntas imos até a sede de PNGO, rede que agrupa as organizacións da sociedade civil. O director da coalición, Amjad Shawwa, fala por videoconferencia dende algún lugar en Deir El Bala, no centro de Gaza, vai ser o único contacto directo que teñamos dende Gaza, escoitamos con moita atención e preocupación a súa testemuña:

“75,000 persoas atópanse no norte de Gaza, sen comida nin axuda humanitaria dende hai dous meses. Foron desprazadas tres ou catro veces. O 70% das persoas mortas son mulleres e nenos. O 70% dos hospitais xa non funcionan. E os problemas alimentarios son insolúbeis: na franxa de Gaza producíanse cítricos, laranxas, uvas, guaiabas e amorodos. Todas estas producións foron destruídas ao mesmo que todo o sector pesqueiro, agora a fame desatouse. Antes do 7 de outubro, de 700 a 800 camións de axuda humanitaria cruzaban a fronteira diariamente, hoxe só entre 30 e 40, isto representa só o 5% das necesidades diarias. As ONG fan o que poden para axudar á xente.”

“Pedimos xustiza para as vítimas e queremos soñar ou crer que a terra palestina volverá a ser verde e que os pescadores volverán velo mar”

Colonización

Unha tras outra, as persoas que representan as diferentes organizacións denuncian a colonización, o imperialismo e a ideoloxía fascista sionista. O pasado colonialista da Europa fai que todos os países

teñan complicidade directa ou indirecta con Israel, mentres os gobernos non muden as súas políticas de apoio ao xenocidio, este non vai parar. Precísase dun país que dea o primeiro paso para o rexeitamento, cun posicionamento claro ante o apartheid que sofre Palestina. Neste momento non teñen ningunha confianza nos gobernos de que isto vaia a acontecer.

Amosan unha inmensa gratitude por toda a solidariedade expresada polos movementos sociais do mundo, esta emoción tense que transformar en accións de presión que deteñan a complicidade dos seus estados e non ficar en caridade. Son precisas un embargo total das armas, o boicot a Israel e sancións fortes e firmes sobre os actos cometidos. Fálase dunha posíbel conferencia internacional de apoio a Palestina, e que países poderían acollela, como posíbel acción futura. “Pedimos xustiza para as vítimas e queremos soñar ou crer que a terra palestina volverá a ser verde e que os pescadores volverán velo mar” con esta frase Amjad conclúe o noso encontro.

As tendas

A próxima xuntanza será a primeira hora da tarde co Ministro de Agricultura. Antes disto facemos unha parada para visitar o mausoleo de Yasser Arafat na Muqata, Sana traduce para nós os versos escritos na pedra. Morgan e Fuad lembran a visita da delegación de LVC en 2002, onde varios membros fixeran de escudo humano do líder palestino. O mausoleo mira a Xerusalén, e un raio de sol proxéctase dende a gran torre que o preside até a cidade tres veces santa, capital da Palestina libre soñada.

Estamos moi cerca do centro da capital, aproveitamos para visitar a tenda de produtos apoiada pola UAWC, Bas Baladi, onde podemos atopar sementes, conservas, aceite, deshidratados, queixo, iogur, zaatar, olivas e un sen fin da variedade gastronómica elaborada por persoas labregas. Malú e mais eu entramos no forno que está en fronte da tenda a coller algúns petiscos para xantar, varios mozos están atarefados amasando e forneando, nunha esquina unha vella érguese e venenos saudar, colle as nosas mans e dámonos bicos.

A súa tenrura é un bálsamo, e lembro a conversa con Malú sobre a dificultade de vivir soa no pobo, e que preciso de 5 avoas para que atendan a casa, unha para atizar o lume, unha para atendela horta, outra para cociñar e mantela casa limpa e unha un pouco tola para dar un pouco de chispa, rimos e ela fica pensativa e di, falta unha! A que dá os mimos. Como fun capaz de esquecerla.

Xuntanza co Ministro de Agricultura

Rezeq Salimia, acompañado de varios funcionarios, agárdanos no salón de reunións do Ministerio, despois de presentarnos comezamos a conversa. O primeiro obxectivo da súa axenda é a liberación e recuperación de Gaza, despois están os tres piares de seguridade: alimentación, pesca e acceso á auga.

A guerra e a ocupación danaron gravemente os seus sistemas tradicionais de irrigación, os diques de contención están destruídos e isto require da creación de moitos postos de traballo para a súa reconstrución. Ser libres para realizar as súas actividades e poder recuperar a soberanía alimentaria do seu pobo non é posíbel baixo o control israelí, que non permite o desenvolvemento da actividade agrícola, con especial foco no control da auga.

Remarca que a actividade de voluntariado internacional é de esencial axuda para garantir o bo suceso das colleitas, a súa presenza evita ataques e violencias e permite ás persoas labregas traballar. Palestina é unha nación rica, a ocupación israelí está roubando as súas terras e recursos, atacando aos campesiños e os seus bens e deixándoos sitiados, sen acceso ás súas terras. O 65% das terras de cultivo están en zona C, isto dá aos colonos un marco legal para poder ocupar as terras.

ALBA DÍAZ GEADA

Uma história pequena da Galiza rural (1939-1982)



Uma história pequena da Galiza Rural (1939 – 1982)



O sábado 22 de febreiro no Sindicato Labrego tamén celebramos o Día de Rosalía coa presentación en San Cosme de Barreiros da obra "Uma história pequena da Galiza Rural (1939 – 1982)", da historiadora Alba Díaz Geada.

Ademais das achegas da autora e o inte-


resante intercambio con labregas como Elisa, Elia, Xulio e Suso, do Sindicato Labrego Galego, nesta emocionante xornada, na que nos xuntamos case un cento de persoas, desfrutamos de recital poético, música e, como non podía ser doutro xeito, degustamos un Caldo de Gloria!

Recensión de Atrás Editora

Este libro analiza as mudanzas da vida rural na Galiza durante a ditadura franquista e o proceso de mudança de regime político. Recolhe experiencias de repressão, de desigualdade e de luta, e situa a súa comprensión num quadro específico de relacións sociais. Estratégias de sobrevivencia e de solidariedade são significadas num contexto que exige a forza de traballo camponês continuar a ser para deixar de ser.

A partir de testemunhos persoais e da análise histórica, ofrece-se uma visão abrangente de como a forma de organización social capitalista, no seu transformar-se, afetou profundamente a estrutura social, económica, política e cultural das comunidades rurais do país. De como, no continuar a ser e no deixando de ser, as comunidades camponesas empurraram e empurram os límites do possível.

Completa o Encrucillado



Vertical

1. Variedade da col de talo grosso e baixo e follas moi anchas que van cerrando unhas sobre outras.
2. Froito da maceira comestível de carne branca e pel fina de cor verde amarela ou vermella segundo as variedades.
3. Conxunto de animais mansos de catro patas como vacas, bois, cabalos, porcos, ovellas etc., que se crían xuntos.

Horizontal

4. Insecto da orde dos himenópteros, de cor castaña e duns quince milímetros de lonxitude, que vive organizado socialmente en comunidades, ben en estado natural ou ben en colmeas feitas polas persoas, e que produce mel e cera.
5. Alimento seco para os animais.

Fai a sopa de letras!

Encontra os termos:

1. CABAZA
2. VACA
3. FOGAR
4. MUXIR
5. ALTRI NON
6. LARANXEIRA

U T E I S H Y O H P J Q
Z T B U E R V Q B S B Q
H I A E E F R A U Y Q C
S O Y R V M C F N C W P
W R M E I A U O W P M S
M L V L V E N X Y X O G
G I L F O X F I S N X
C K X K I Y O N E R H S
M T N R B G G C A I P E
Z G T P A X A Y P R B A
G L E R H Y I M F R A P
A T C C A B A Z A E W L

**Atopaches?
No seguinte Fouce
desvelaremos as respostas!**

Axudas PAC 2025

ORDE do 25 de febreiro de 2025 da Consellería do Medio Rural, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento **MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR239Q, MR240D, MR241C e MR241D**).

Aberto o prazo de **presentación das solicitudes até o 30 de abril**. Unha vez finalizado este prazo, **poderán modificarse as solicitudes até o 31 de maio**.

Para máis información, consulta o DOG do mércores 5 de marzo de 2025 ou contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego Galego.

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Motos DAELIM FIVE de 50 e DERBI HARRI de 50
-Autocargador EUROPA
☎618 244 883 (Susó)

Véndese

-Colleitadora de cereais, Marca e modelo: John Deer 955 (Oroso)
☎627 936 604

Véndese

-Gran húmido en Big-Bags ☎671 204 500

Véndese

-Viño tinto e branco de Chantada. Años e cabritos en extensivo
Razon ☎626 080 082

Véndese

-Cuba Hapy 1800 litros e 2 muxidos
-Sala de muxido traseira de 10 prazas e 8 puntos. Retirada, medición e pulsación electrónica
☎670 320 138 (Chantada)

Véndese

-Casa con finca 5000m² na zona de Castroverde
☎648 718 864

Véndese

-Rulos de herba seca, zona de Monforte de Lemos
☎622 322 769

Véndese

-Casa de pedra con finca de 5000m² en Cubelas Castroverde.
☎648 718 864 (Berta)

Véndese

-Cisterna Galagri de 7000l de capacidade; dous eixes
-Encintadora Gallinani de rodas
Por xubilación do titular
☎686 058 176

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982 183 019

Véndese

-Ovellas (zonas Cabanas)
☎981 446 501

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636 705 285 (Elisardo)

Véndese

-Arado de dos regos marca LA CASTA con volteo hidráulico de 14 pulgadas
-Segadora BCS
☎699 44 60 62 Vilamaior

Véndese

-Maquinaria agrícola en bo uso
-JOHN DEERE 2850
-Grada de dentes
-Xerador de luz seminovos
-Remolque
☎608 551 543

Véndese

-Invernadoiro multitúnel dunha nave con pantalla térmica. Ten dúas portas nos extremos e dimensións de 10 m X 60 m. Con 6 anos de antigüidade. Está practicamente novo xa que se usou para albergar un cultivo de fungos en tronco. Prezo (negociábel)
En Lanzós, Vilalba (Lugo)
☎687 70 14 41
616 66 07 36

Véndese

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635 503 763

Véndese

-Esterco
-Ovos para casas e restaurantes.
☎981 446 501

Alúganse

-Cortes e fincas en Cabanas
☎981 446 501 (Rosa ou Javier)

Véndese

-Can de paleiro auténtico (Victor)
☎676 26 84 64

Alúgase

-Establo e fincas
Véndese esterco

☎981 446 501

Véndese

-2,5 hectáreas de herba para segar. Bo acceso. Boa calidade. Económicas.
☎625 814 050 (Jose Manuel - Concello de Betanzos)

Véndese

-Abonadora VICON de tractor
☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballedo (Lugo)
☎653 641 823

Véndese

-Muíño de auga de dimensión 10 por 10. Bo estado, con 1ha de terreo xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limousin (pais con carta) A 10km de Lugo
☎690 774 565

Véndese

-Tractor EBRO Super 55 funcionando en Figueiras (Mondónedo)
(Lisardo) ☎648 74 20 87

Véndese

-Touro raza ANGUS de 4 anos
-Segadora Marca CAMON
☎690 77 45 65 (José)

Véndese

-Venda directa de carne de xato. Canais, medio canal, cuartos, e lotes de 10kg. Gallega Suprema. Servizo a domicilio en calquera punto de Galiza
☎676 196 243

Véndese

-Sala de muxido marca Westfalia de 6 puntos.
-Tanque do frío de 1300 L monofásico e lavado automático
-Cisterna bebedoiro de fibra con bomba de carga
☎690 83 05 41

Véndese ou alúgase

-Véndese ou alúgase con dereito a compra, nave de 1400m² a 25 km de Santiago. Prezo interesante
☎634 409 255 (Elena)

Véndese

-Millo para ensilar na zona de Doroña, Vilarmar. 3ha aproximadamente
☎660 221 250

Véndese

-Fresadora no concello de Tordoia
☎657 365 726

Véndese

-Cisterna seminova de 6000 L marca Romay coa ITV pasada na zona de Betanzos (Javier)
☎600 830 624

Véndese

-Arado antigo de bois ou vacas en bo estado para exposición. Prezo a concordar (zona de Meira)
☎662 471 382

Véndese

-Tanque de frío de 200 litros
☎662 323 867 (Manuela)

Véndese

-Amasadora de pan eléctrica de aceiro inoxidable
-Forno de leña sen usar
Monfero (Angélica)
☎680 277 044

Véndese

-Casa en Alto Xestoso con paleiro e terreo
☎608 895 684

Regálase

Mastín Español de 11 meses O Val (Narón)
☎616 082 871 (Manuel)

Véndese ou trócase

-Véndese autocargador ou trócase por maquinaria ou animais
☎689 752 400

Véndese

-Rotovator marca Masquiu de 2,5 mts de ancho con rodillo hidráulico, con barras helicoidales
-Vertedera marca Overum, de tres palas
-Cultivadores de 2,7 mts de ancho
☎650 019 275 (Zona da Limia)

Véndese

-Silo de 8000 kg
-Grade de discos de 18 discos
-Segadora rotativa class 2700
-Moto BMW 650 (Zona de Castroverde)
☎617 65 53 20

Véndese

-Enroladora, taladros e rotativa de 4 discos
☎981 44 65 01 (José María) Cabanas

Véndese

-Arado de vertedera (marca Ebro de 2 palas)
☎650 019 275

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
☎626 686 509 (Zona de Portomarín)

Véndese

-Microsilos de millo (rulos) no concello de Ordes. ☎650 149 217

Véndese

-Desbrozadora de cadeas 1.45 de ancho por 1.6 de longo
☎604 028 980 (Jesús-Zona de Melide)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Tractor agrícola (marca LAMBORGHINI). Modelo 1050 VDT (Allariz) ☎988 44 02 57

Búscase

-Peón agro-gandeiro para granxa láctea no Concello de Monfero
☎646 878 067

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-LAMBORGINI de 90 VC
ano 2004 5100h reais de
traballo
☎667 469 962

Véndese

-Motor e muxidora de
aceite en bo estado
☎630 857 090
(Zona de Betanzos)

Véndese

-1 cama 90x190 Berit xe-
riátrica
-1 colchón 90x190 xeriá-
trico
-almofada 90cm
En moi bo estado co so 15
días de uso
☎659 78 28 78 (José)

Véndese

-Rolos de silo e batedor
de xurro en Fontaneira
☎662 519 255 (María)

Véndese

-Arado de 3 regos marca
OVERUM, disparo hidráu-
lico
☎638 98 56 68 / 621 22
58 44 (PADERNE)

Véndese

-2 enfriadoiros ALFALA-
VAL(un de 850 litros de ca-
pacidade e outro de 680
litros)
-Silo de herba
-Rotativa VICON de 4
discos
-Ovellas
Alúgase
-2 cuadras de novillas e
fincas en Cabanas
☎981 44 65 01
(Cabanas)

Véndese

-Herba seca en pacas
pequenas (Guntín)
669 64 87 60

Véndese

-Autocargador marca
KRONE 432 de 35 cuchi-
llas
616 527 162

Véndese

-Tanque de frío de leite
3600L Westfalia
-Tanque de frío de leite
500L Frigolait
-Silos para penso
8000kg con SINFIN
5500KG
-Cargador picador POT-
TINGER EUROPROFI 3
-Segadora arrastrada
con cinta POTTINGER
3.07
☎610 362 674

Véndese

Por xubilación:
-Tractor New-Holland
6080 grade rotativa
-Feraboli 3m de traba-
llo
-Sala de muxido de 4
puntos con medidores
Alfa-Laval
-Tanque de frío do leite
de 1000l
-Xerador de corrente de
32 cadeas para tractor
(Antonio Ríos Castiñeiras,
de Trazo)
☎696 818 012

Véndese

-1 silo de penso de
2000kg
☎982 31 21 09 (José)

Véndese

-Rolos de herba seca
e/ou silos.
Zona de As Nogais (David)
☎600 81 96 73

Véndese

-Batedor de purín con
botella de inclinación
-Tractor Renault Super 7
con documentación. En
bo estado, rodas novas,
dirección asistida e saída
de hidráulico dobre
efecto (2500€)
☎606 508 189
(Miguel, Láncara)

Véndese

-Campeva de 5 coitelos
(con documentación)
-Desinsiladora CORVAR
con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval
trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Remexedor de purín
con articulación
hidráulica
☎678 132 156 (Vilalba)

Véndese

-Silo de ferro con
capacidade de 25
toneladas preparado para
cal viva
-Grade de discos de
16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro
para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-2 muíños eléctricos, 1
pastor eléctrico en lote
de malla electricada (9
rolos) uns usados, outros
sen usar.
☎677 564 691
(Mondoñedo)

Véndese

-Casa no lugar de Parada
de Ribeira, a 3 km. de
Xinzo de Limia.
Amoblada e lista para
vivir.
Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para
ensilar no concello de
Abegondo (prezo de
mercado) ☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV
TDI, Diesel. Ano 2007 e
212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali
Modelo 968.02. Inclúe
remolque con tracción,
desbrozadora, fresadora e
arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con
fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full
Wood, de catro puntos,
monofásica
-Tanque de leite Japy
1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120
cv, con dobre tracción e
con turbo. En perfecto es-
tado. Zona Friol ☎982
183 019 / 628 785 466

Véndese

-Coche Peugeot 309 do
ano 90. ITV até xaneiro do
2025 ☎680 926 816
(Pilar)

Véndese

-Cargador rotativo da
marca Rotomorra por
falta de uso. (Antonio).
☎680 385 068 (Ordes)

Véndese

Vacas e novillas por
peche de granxa. Zona de
Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Empacadora pequena
marca Class, no Concello
de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou
981 196 224 (Mónica)

Véndese

-Grupo halógeno para
tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba
(Zona de Meira. Prezo a
convir) ☎982 330 623 //
662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con
terreo de 3000 m. No con-
cello de Láncara, zona Car-
ballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Grade de discos de 16
-Unha desinsiladora
(Zona de A Pastoriza)
☎649 310 981

Véndese

-Tanque de frío marca
ALFA LÁVAL para 430 litros
e catro muxiduras
-Rolos de silo desta cam-
paña
-Segadora de man
marca ALFA, modelo A-
100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e
manso. A 8 km de As Pon-
tes. ☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-60 bolos de silo e 30 de
herba seca en Sobrado
☎677 752 829

Véndese

-Rolos de herba seca en
Lugo. (Andrés) ☎646 665
896

Alúgase

-Cuadra para gando
vacún no lugar de Trazo
Km 6, Numide - Tordoia
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Encintadora de brazo
☎620 576 908
(Monfero)

Véndese

-Varias fincas, agrarias
e forestais en Pousada de
Curantes
☎606 308 741

Véndese

-27 tubos de Formigón,
seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción ani-
mal (babalo) carro, arado
e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro
inox de viño, ideal para o
mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira,
co motor. (Melide)
☎651 99 55 03

Véndese

-Cisterna purín Cisca
nova galvanizada 5000l
compresor 2800l
capacidade. (Melide)
☎604 028 980

Véndese

-Cadeira de cabalo con
agarradeiras
-Becerro Limousin
(ambos pais con carta)
☎690 774 565

Véndese

-Tractor John Deere de
82 CV e dobre tracción
en bo estado
☎647 916 031 (José)

Véndese

-Tractor Deutz Fahr.
Agratom K 110
-Cisterna Carruxo de
8000L
-Rotativo Bonino AB-
45TR
-Rotoempacadora Deutz
Fahr GP-2.30 (malla e fio)
-Sulfatadora Aguirre
1EQP600
-Abonadora Vicon
1000KG
-Rastrillo Hilerador Kuhn
GA-3501-GM
-Rastrillo Esparcidor e
Hilerador New Holland
254
-Rotativa Disco Class
2.60 de corte
-Desensiladora Trioliet
TU170
-Ordeñadora Westfalia 6
puntos con retirada
-Rulo 2.40Mts
-Encintadora Volvo
☎625 180 903 (Jose
Luis)

Véndese

-Vacas de leite (por
separado)
-Tanque de leite Serap
de 2.550 litros con lavado
automático
(Monfero) ☎666 861 530

Véndese

-Tractor Pascual con
remolque e arado
Muras (As Pontes)
☎677 136 104

Véndese

-Vacas de leite e
becerras de recría na
zona de Meira
☎680 870 957

A recente denegación masiva de incorporacións e plans de mellora pon en interdito non só a viabilidade de centos de granxas galegas, senón a propia economía de milleiros de persoas labregas no noso país. Lonxe de asumir e xestionar este escenario, a Consellería estableceu unha dotación tan baixa para as axudas de incorporación e plans de mellora que son moitas máis granxas as que quedan fóra das axudas que as que conseguen acceder a elas. Coñecemos o caso de Uxía García de Buciño, labrega en Tralaleira (proxecto agroecolóxico en Allariz, Ourense) e integrante da Dirección Nacional e da Executiva do Sindicato Labrego.



sindicato
labrego galego
comisións labregas

“Os modelos pequenos quedamos fóra, cada vez penso máis que isto é para botarnos do rural”

✓ Uxía, foi o primeiro ano que solicitaches a axuda?

Este ano, como saíu a convocatoria para maiores de 41 anos, eu era o primeiro e o último ano que podía acceder á axuda para novas agricultoras xa que tiña iniciado o proceso de instalación previo á saída da orde, entón solicitei a axuda de incorporación e tamén o plan de mellora. No caso do plan de mellora soliciteino para facer investimentos que preciso para levar a miña actividade adiante, que é a construción dun pozo e a compra dun pequeno tractor. O total sumaba o mínimo que podías pedir para o plan de mellora, pensando no meu proxecto que é adecuado a min, pequeno, sen pedir grandes axudas nin tampouco préstamos a bancos e sen endebedarme moito e ir ao seguro.

✓ Como foi o proceso?

Foron dous meses de loucura porque facer estes plans para unha labrega é inviábel, tes que contratar, neste caso a min fíxoma Andrés Castro, do SLG, que estou feliz con el, e tamén me axudaron na Agraria de Allariz. Para solicitar estas axudas tes que pedir unha morea de proformas, pedir favores, etc, é dicir, dedícaslle moito tempo e horas con trabas burocráticas. Logo tiven problemas para subir toda a documentación ao programa, xa que nunca funciona, queda colgado. Tes que ir un día á agraria pola mañá, probar pola tarde, ir máis tarde



A labrega Uxía García de Buciños nunha imaxe da autoría de Víctor Barro.

“É unha declaración de intencións da Consellería apostar por modelos grandes e endebedados onde contan moi pouco as persoas que estamos sostendo os territorios”

porque non vai...horas perdidas.

✓ E logo de solicitala?

Metida a solicitude agardei case un ano sen ter ningún tipo de notificación, e logo cando saen as resolucións atopeime con que me dan a axuda á incorporación pero non a mellora. Que pasa con isto? Pois que moitas labregas, como unha cousa vai ligada á outra, decidiron non coller a axuda, no meu caso como era a última oportunidade que tiña, aceptei a axuda pero quedei sen a mellora.

✓ Agora que vai pasar con ese material que precisabas para o teu proxecto?

A mellora que era o tractor e o

pozo son dous investimentos que vou ter que facer igual pero que van ter que saír do meu peto. Paréceme moi inxusto isto, están dando cartos a uns modelos e non a outros. Os modelos pequenos, que case sempre somos mulleres porque queremos modelos pequenos, sen grandes custos e sen grandes débedas, quedamos fóra, cada vez penso máis que isto é para botarnos do rural, así de claro. Aceptáronse moi poucos plans de mellora e ás grandes empresas déronlles millóns de euros. E ás pequenas, que temos que que invertir 20.000 euros, que son eses cartos para facernos a vida máis fácil e viábel? Pero sairá do meu peto e do

peto das miñas sociais.

✓ Pensas que esta exclusión é unha cuestión do modelo dos proxectos?

Si, o modelo pequeno non o queren, non nos queren aquí, os cartos está claro para onde van, para os grandes. Con estas resolucións e tendo en conta estes baremos que usan para deixarnos fóra ás pequenas está claro que é unha declaración de intencións da Consellería apostar por modelos grandes e endebedados onde contan moi pouco as persoas que estamos sostendo os territorios.

✓ Queres engadir algo máis?

Creo que estas axudas son fundamentais, porque son cartos que contribúen a facer isto un pouco máis viábel, entón cando saíron non o pensei, pero claro fas os teus cálculos pensando en que vas ter a axuda e máis a mellora para que sexa viábel, porque logo tes que cumprir uns requisitos de estar sete anos na mesma actividade, cuns determinados ingresos, mantendo esa superficie, e agora vou ter os mesmos compromisos pero sen eses cartos para poder mercar ese tractor e facer ese pozo, é bastante inxusto a verdade.

“Vou ter os mesmos compromisos pero sen eses cartos para poder mercar ese tractor e facer ese pozo, é inxusto”